

andaina



- 03 Denuncias e comentarios
- 06 Xornada sobre emprego doméstico
- 08 Privilexios ou igualdade:
Disposición Adicional 17
- 10 Ás mozas gústanlles as novas tecnoloxías
- 13 Novas abortaxes para garantir ás mulleres
o dereito a decidir sobre o seu corpo
- 15 Supermodelo 2007
- [Dossier] 19 Mulleres e diversidade funcional
Coordina: Isabel Lodeiro Vales
- 20 Saúde mental
- 24 Entrevista a Cathryn Teasley Severino
- 27 Asociacións de mulleres con (dis)capacidade
- 29 Entrevista a Ánxela López Leiceaga
- 33 Bibliografía comentada
- 36 Frida Kahlo convivindo coa dor: *Querido doctorcito*
- 42 A inesgotábel Victoria Kent
- [Exposición] 46 As batallas artísticas do persoal é político
- [Teatro] 51 Rotas
- 52 Concepción, mestra nacional
- [Libro] 54 Criminoloxía crítica e violencia de xénero

Revista Galega de Pensamento Feminista
Outono, 2007

Apdo. 1058 Santiago de Compostela

www.andainamulleres.org
andaina@andainamulleres.org

Consello de redacción

Ana Arellano, Nanina Santos, Milagros Becerra,
Pilar Pérez Rey, Laura Gómez Lorenzo, Nadia Álvarez
Fernández, Patricia Arias Chachero, Celia Balboa Guerra
e Raquel Barreiro Paz

Colaboran neste número

Felicia Estévez Salazar, Encarna Otero Cepeda,
Raquel Barreiro Paz, Ana Luísa Bouza, Isabel Lodeiro
Vales, Estrela Villaverde Creo, Laura Gómez Lorenzo,
Ánxela Caramés Sales, María Prado, Nanina Santos
Castroviejo

Deseño gráfico: cebra

Imprime: Grafisant, S.L.

D.L.: C-1.146-88

Andaina non se identifica necesariamente coas opinións
dos artigos que aparecen nesta revista

Servicio de Asesoramento das Mulleres

■ CONCELLERÍA DA MULLER ■

Para a atención específica dos problemas que afectan ás mulleres o Concello de Santiago pon a súa disposición o Servicio de Asesoramento das Mulleres


Para asesorarte nas túas dúbidas e buscar unha solución ós teus problemas familiares, laborais, xurídicos e sociais.

Estamos a túa disposición na Praza da Constitución s/n.

■ *Horario de atención ó público*

Tódolos días de 10 a 14 h.

Teléfono: 981 57 14 61



CONCELLO DE
SANTIAGO

Concellería da Muller

Outras Voces Feministas

A corrente de opinión Outras Voces Feministas saudou con moita satisfacción a iniciativa da xuíza Montserrat Comas de acabar co automatismo actual na decisión xudicial da orde de afastamento ante as denuncias de maltrato e deixar a súa aplicación ao poder discrecional xudicial. A supresión deste funcionamento automático ao que na actualidade venise obrigados xuíces e xuízas pola lexislación vixente (Lei Orgánica 15/2003) en materia de violencia de xénero foi unha das propostas que fixemos públicas ao nos constituír preto de 300 mulleres na corrente Outras Voces Feministas, en marzo do ano pasado. Alegrámonos con esta iniciativa porque estamos firmemente persuadidas de que con ela as mulleres que sufriron maltrato saíran ganando, xa que moitas delas incumpren a orde de alonxamento porque non están de acordo con que se lles aplique automaticamente, sen ter en consideración se a súa situación o esixe. Ademais todas gañaremos, porque, coa súa aplicación discrecional, cando si é imprescindible manter afastado o home que maltratou, poderá velarse mellor polo seu cumprimento e non como agora que, en tantísimos casos, convertíase en *papel mollado*, en pura rutina imposible de garantir cos recursos da Administración de Xustiza. Só nos queda dicir que agardamos que a esta medida rectificadora lle sigan outras que fagan posible que a lexislación e os recursos públicos contra a violencia machista favorezan do mellor xeito o longo camiño para acabar con este tipo de violencia específica contra as mulleres. ☞



María Maceiras (Pontevedra, 1980) é desde finais de agosto de 2007 campioa de España de póker. Traspasou esa liña, nada delgada e non tan fina, de ser a primeira muller que gaña un torneo deste xogo. ☞


Gabriele Pauli é unha muller de ideas avanzadas, economista, motorista, de 50 anos, dúas veces divorciada e militante da conservadora –o máis á dereita do abano parlamentario alemán– Unión Social-cristiá de Baviera (CSU) desde hai trinta anos. Escandalizou a finais do verán a tirios e troianos coa súa proposta de que se limite o tempo do matrimonio a sete anos. Proposta útil, segundo ela, para evitar a hipocrísia de manter matrimonios sen amor e os trastornos dos divorcios.

Pódese imaxinar como se puxeron os dirixentes do seu propio partido. O primeiro ministro bávaro Beckstein recomendoulle «tratamento psiquiátrico». Ela non parece inmutarse moito polas críticas. A finais do 2006 censurou moi severamente o todopoderoso Stoiber, primeiro ministro bávaro e presidente da CSU. As súas críticas irritaron moito no Goberno e alguén tivo a idea de axexala para saber se levaba unha vida sexual promiscua, bebía moito ou calquera cousa que permitise desprestixiala. A espionaxe saíu á luz e Stoiber tivo que renunciar. Aos poucos días fotografouse con luvas de látex «cun toque de ama sadomasoquista».



É un esperento moi simpático e con pingas grotescas. Que unha moi veterana militante do máis conservador partido daquelas terras faga tales propostas e actúe sen que lle importe nada a opinión e as críticas dos señores, mesmo os máis altos mandamais do seu partido e da rexión bávara, é digno de comentario. ☞

O recente estudo de Mario Páramo sobre as consultas nas unidades de saúde mental galegas confirma que o 62% das persoas con enfermidades mentais son mulleres. ☞



Persépolis

A película de animación *Persépolis* obtivo o Gran Premio do Xurado en Cannes e abriu a 52ª edición da Seminci de Valladolid. Tamén deu moita conversa por motivos extracinetográficos.

O Goberno de Teherán non viu ben que a película fose ao festival de Cannes e o Ministerio de Cultura iraniano mandou unha misiva ao agregado cultural da Embaixada francesa en Teherán. A resposta do Ministerio de Exteriores francés é que a presenza da película en Cannes non é unha decisión política, senón estritamente artística. É abondo para unha película.

Marjane Satrapi escribira a historia iraní en forma de cómic describindo en clave autobiográfica o Irán dos aiatolás e o fundamentalismo islámico no que pasou parte da súa infancia e parte da súa adolescencia. Agora *Persépolis* foi levada ao cine codirixida por ela mesma e Vincent Paronnaud. Herdeira por familia de posicións críticas coa tiranía dos *mollahs* e co réxime do Sha, na película trata moitos temas, como pode cambiar a nosa vida ante un feito inesperado, o exilio, o amor.

Agora, instalada desde hai trece anos en París, sente que vivir en Europa e en paz é un luxo, porén cando lle preguntan sobre a civilización occidental comenta que iso é o maior *bluff* que nos contaron. «Non hai civilización. Ti vaste a París e todo é maravilloso, a cidade da luz, do amor, da ledicia. Vale. Pero se cortasen a luz en toda a cidade e os supermercados e os hospitais ficasen as escuras e sen funcionar, xa verías o que tardaba a xente en matarse entre si. Ou sexa, que se todo vai ben non é porque a xente sexa civilizada, senón sinxelamente porque non ten fame». ☞

PUBLICIDADE



Non lle parecen «normais»

Ao xuíz Ferrín Calamita non lle gustan as familias homosexuais. Non lle parecen «normais». Por iso outorgou a custodia dunhas nenas ao seu pai argumentando que a nai é lesbiana e por iso tamén está tentando impedir que unha muller adopte a filla da súa esposa. En ambos casos foi recusado. Os avogados tentan apartalo destes procedementos porque entenden que deixa de aplicar a lei movido polas súas crenzas relixiosas —é católico e lector habitual dos escritos do fundador de Opus Dei—. Pero el séntese discriminado. Asegura que recusalos é «sectario e discriminatorio» e mesmo inconstitucional.

O Consello Xeral do Poder Xudicial abriulle dous expedientes por falta grave, un en xullo e outro en setembro. ☞



Miren inscribiuse como alumna-traballadora nun obradoiro de fontanería (de finais do 2005-a finais do 2006) nun concello da bisbarra de Vigo.

Un profesor seu, Ramón R., desde que tivo coñecemento de que Miren era lesbiana dedicouse a humillala, facer chistes obscenos con ferramentas facendo alusión á vaxina, expresar opinións sobre o lesbianismo como «carne contra carne é un noxo pola mestura de fluídos», ofrecerlle en clase dous libros da igrexa evanxélica na que se trataba a homosexualidade como unha enfermidade, promover un enfrontamento entre dous grupos de alumnos para vexala... Miren pediu amparo ao concello, que tampouco llo brindou, sufrindo as consecuencias psíquicas e físicas do acoso moral.

A valente Miren denunciou diante do Xulgado do Social nº 1 de Vigo, que condenou o denunciado e o concello a indemnizala con 6000 €, sentenza que agora acaba de ratificar a Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG).

O denunciado negou os feitos, porén o TSXG non admitiu tal versión.

A sentenza declara que as persoas traballadoras teñen dereito a súa intimidade e á consideración debida a súa dignidade. Deben gozar de protección fronte as ofensas verbais ou físicas de natureza sexual e fronte ao acoso por razón da súa orientación sexual.

O alto tribunal di que tras ditos tendenciosos ou banais existe unha mensaxe homofóbica que fere e humilla a demandante e atinxe a súa capacidade de integración no traballo porque a infravaloran.

Critica tamén que a heterosexualidade sexa colocada nos lugares de traballo como «natural», mentres que os gais e lesbianas son «negativos», deplorando que a homosexualidade, en consonancia con prohibicións relixiosas, sexa desacreditada como «pecado, enfermidade ou anormalidade», o que aos ollos dalgúns xustificaría que tal colectivo non tivese os mesmos dereitos.

O Tribunal rexeita que o estereotipo de «lesbiana masculina» sexa pretexto para burlas. Vaia, unha sentenza que paga a pena saudar e coñecer polo miúdo.

Saúde, Miren, e benvinda unha sentenza pioneira.



A moi valente Desiree Farooz chegou até Condoleezza Rice no Comité de Exteriores da Cámara de Representantes e amosoulle as súas mans pintadas de vermello protestando contra a política de EE. UU. no Próximo Oriente e denotadamente en Irak significándolle que as súas mans están manchadas de sangue. Á xefa da diplomacia de USA no se lle moveu unha pestana.



TransGaliza

O colectivo TransGaliza participou na redacción da proposta que Ana Pontón, do BNG, levou ao parlamento galego co obxectivo de crear no SERGAS unha unidade encargada de facer gratis as intervencións de cambio de sexo. Non houbo sorte e no debate, pasando pelota de aquí para alí, eludíuse que fose a Xunta e pasáronlle os deberes á Administración do Estado.

As integrantes de TransGaliza, saíron amuadas do pleno, que seguiran en directo, e sinalaron que aos 45 transexuais galegos que agardan pola operación xa non lles vai chegar.

Xornada sobre emprego doméstico

 FELICIA ESTÉVEZ SALAZAR

O pasado día 28 de outubro celebrouse no Auditorio de Galicia en Santiago de Compostela unha xornada que tiña por tema central a situación das empregadas do fogar, *o traballo que só se ve cando non se fai*.

Entre os relatorios que houbo, temos que destacar a participación de Octavio Granado, Secretario de Estado para a Seguridade Social, que sorprendeu ao público polo coñecemento preciso que tiña da situación deste sector: unha regulamentación obsoleta¹ que provoca

que sexa o sector con peores prestacións sociais, pensións mínimas, sen dereito a baixa por enfermidade, sen dereito ao paro... Mais ao mesmo tempo desencantou porque non aportou solucións desde a Administración a curto nin a medio prazo a non ser aquelas que derivan da formación de cooperativas por parte das traballadoras.

Tamén falou Isabel Otxoa Crespo, profesora da Universidade do País Vasco e asesora da Asociación de Traballadoras do Fogar de Bilbao que insistiu na importancia de

O TRABALLO QUE SÓ SE VE CANDO NON SE FAI



¹ Non esquezamos que a normativa que regula o servizo doméstico está recollida no Decreto 2346/1969 e que aínda que moitos dos seus artigos foron derogados no Real Decreto 2110/1994 seguen vixentes artigos tan curiosos como este:

Art.36. Prestación económica por profesión religiosa.

1. Los empleados de hogar que profesen en religión católica tendrán derecho, al hacer los votos y por una sola vez, a una prestación económica de 5.000 pesetas, siempre que reúnan las condiciones señaladas en el número 1 del artículo anterior.

2. La percepción de esta asignación es incompatible con la de análoga naturaleza prevista para la pensionista de viudedad que adquiera estado religioso.

Ou artigos tan inxustos como o seguinte:

Art. 30. Incapacidad laboral transitoria.

La prestación económica por incapacidad laboral transitoria derivada de enfermedad, maternidad o accidente se otorgará en los supuestos, durante el tiempo y con los requisitos que la regulan en el Régimen General. No obstante, en los casos de enfermedad y accidente esta prestación económica se comenzará a percibir desde el vigésimo noveno día, contando a partir de la fecha en que se inició la enfermedad o se produjo el accidente.

ter un contrato escrito entre empregador/-ora e empregada. Comentou a falta de estatísticas fiables en canto ao número de persoas que traballan no emprego doméstico, mais espuxo o paradoxo da existencia, segundo a EPA, de 760.000 empregadores fronte a 300.100 traballadoras dadas de alta no Réxime Especial da Seguridade Social.

Houbo unha mesa redonda na que ademais do testemuño directo de Carmela Casal, presidenta da asociación galega de empregadas do fogar Xiara, falou Laura Guillén Ramón da plataforma estatal de asociacións de traballadoras do fogar, Mercedes Puíme do programa de emprego de Cáritas e Ana López-Suevos Fragueta, mestrada do xulgado do social nº 2 de Santiago, quen salientou a ausencia de casos desta materia nos xulgados, o que atribúe a ser un traballo desempeñado por mulleres, a falta de coñecemento sobre os seus dereitos, a falta de organización sindical.

Os debates centráronse na necesidade de eliminar este Réxime Especial da Seguridade Social e que este colectivo pase a cotizar no Réxime Xeral.

A xornada rematou coa proxección da curtametraxe *Esquecidas* dirixida por Luqui Matthews.

ENCARNA OTERO CEPEDA*

O termo *aristocracia* significaba segundo a súa orixe grega *o goberno dos mellores*, co paso do tempo pasou a definir a unha caste ou estamento privilexiada que acumulaba todos os dereitos e ningún deber e que transmitía o seu poder e riqueza polo sistema de herdanza en réxime pechado; no ano 1789 o pobo revolucionario de Francia eliminou o sistema de estamentos e privilexios sentando as bases da democracia en igualdade a través dos principios de liberdade, igualdade e irmandade tanto no político co-

mo no económico, principios básicos dos que nos nutrimos toda a cidadanía democrática en Galiza, en Europa e no mundo. Destes tres principios básicos emana o concepto da política como servizo público que todas as persoas que en ela traballamos e militamos debemos practicar e asemade transmitir. Eis porqué quero manifestar como directora xeral, é dicir, como cargo do Goberno galego a miña discrepancia e oposición a Disposición adicional 17 da modificación da Lei da Función Pública Galega

aprobada polo Parlamento Galego na sesión extraordinaria do día 17 de xullo de 2007.

Os cargos públicos da Galiza democrática percibimos as retribucións que a lei contempla no exercicio do noso traballo durante o período que corresponde ao noso nomeamento, máis unha vez que este servizo remata, remata tamén o noso nivel e as retribucións

* Directora Xeral de Fomento e Calidade da Vivenda

Privilexios ou igualdade:

Disposición


que del se derivan, mais o que non remata é o noso compromiso, ético e político con Galiza; polo tanto, cando eu como funcionaria pública volva ao meu traballo como docente quero ser igual en dereitos e deberes que *@s compañeir@s* que traballan comigo no centro de ensino onde teño o meu destino, e xunto con eles/as ser quen de reclamar se é preciso que a Administración nos retribúa e considere o noso traballo coa dignidade da que somos merecentes; calquera outra situación sería privilexio e polo tanto mal uso do diñeiro público e contrario á práctica democrática que a política e a ética me esixe como militante, como galega e como funcionaria pública.

Quero pois dicirlle *@s compañeir@s, amig@s*, que tamén os teño, cargos públicos do Goberno galego que fagan público se así o consideran oportuno e así o pensan o seu desacordo coa Disposición adicional 17, e como en política ademais de pensar tamén cumpre actuar quero facer un chamamento a desobediencia política no acatamento desta norma e a insubmisión económica como criterio ético, para deste xeito contribuír a que Galiza e o seu Goberno sexan mostra de ética rexenerativa.

Se algunha dúbida teñen ao respecto da lexitimidade do posicionamento de insubmisión e desobediencia, a doutrina do tribunal europeo de dereitos humanos ampara esta toma de posición, xa que non admite por regra xeral limitacións ao exercicio dese dereito sub-

ectivo da persoa, que ten ademais unha fasquía institucional importantísima: a garantía do exercicio dese dereito está dirixida a protexer non soamente á persoa individual senón tamén ao *aire* que alentan as institucións e os cidadáns. Aínda máis, o exercicio dese dereito é máis relevante cando se trata de persoas que desempeñan cargos públicos e a súa posición está nese sentido máis reforzada e lexitimada. A sociedade democrática esixe que se aviven as faíscas do deba-

te público das ideas e non que se afoguen.

Ninguén pode negar que a xustificación da Disposición adicional 17ª é discutible e que o debate público sobre a procedencia ou improcedencia da norma é lexítimo. Nese contexto, a posición das persoas que, como alto cargo, son destinatarias da norma é moi relevante para a opinión pública. 

Adicional 17

 RAQUEL BARREIRO PAZ

É unha crenza estendida que as mulleres en xeral teñen un interese moi escaso ou nulo polas ciencias experimentais e a tecnoloxía. De acordo co estereotipo popular, as mulleres no só non len os manuais dos aparatos electrónicos domésticos (teléfono móbil, consola de xogos, cámara de fotos, ordenador, DVD, TDT...), senón que non son elas quen os elixen e/ou mercan e nin son quen de com-

prender ben como funcionan e de aprender a manexalos máis alá das súas funcións básicas. Prexuízos á parte, crer que as mulleres permanecen á marxe por propia vontade na era dixital carece de fundamento e algunhas informacións que veñen de ser publicadas confirman.

Unha enquisa realizada por Saatchi & Saatchi, cuxos resultados se publicaron a comezos de setembro, aporta algunhas conside-

racións interesantes sobre a actitude das mulleres cara á electrónica de consumo. A axencia publicitaria tira a conclusión de que o que está a suceder non é tanto que as mulleres non se interesen polas últimas novidades tecnolóxicas e non estean dispostas a mercalas, senón que non se sabe vender, xa que a publicidade, as tendas *on line* e os almacéns apenas as teñen en conta coma posibles compra-

Ás mozas gústanlles as novas tecnoloxías

doras e, ao non dirixírense a elas, non as atraen. Por outra banda, os produtos deseñados especificamente para mulleres son rexeitados por algunhas e aceptados só por unha minoría; para os fabricantes, dar un toque *feminino* a un produto adoita significar facelo de cor rosa ou ben darlle un deseño *chic* coidado e moderno, máis que prestacións axustadas ás necesidades reais, facilidade de uso, duración ou outras características prácticas que

moitas mulleres aprecian. Ademais –sempre segundo a enquisa– as tendas de electrónica son percibidas por moitas coma un entorno moi masculino, no que habitualmente só se pode atopar vendedores varóns pouco dispostos a perder o tempo explicando características técnicas a una muller (sorprendentemente, un terzo das mulleres enquisadas di non atreverse


[...] para os fabricantes, dar un toque *feminino* a un produto adoita significar facelo de cor rosa ou ben darlle un deseño *chic* [...]

a formular preguntas nese contexto), de xeito que a potencial compradora a penas dispón de información sobre os diferentes modelos, polo que lle resulta difícil atopar o que está a procurar; a metade das enquisadas afirma que por estas razóns sae das tendas sen comprar.

[...] é preciso mudarmos as ideas prefixadas sobre o perfil de usuario/a tipo da rede, que tería pasado de ser un adolescente varón a unha muller moza

Nun estudo que Ofcom levou a cabo o pasado mes de agosto no Reino Unido atopamos datos de interese relativos ao uso doméstico de Internet. O número de mulleres que son internautas asiduas nese país creceu rapidamente, é semellante ao dos homes en varias franxas de idade e lixeiramente superior na que, con diferenza, é a de maior consumo de horas, a que vai dos 18 aos 34 anos. Ademais, non só hai máis mulleres ca homes entre as persoas usuarias de Internet a esa idade, senón que elas tamén pasan máis tempo conectadas. Como consecuencia, é preciso mudarmos as ideas prefixadas sobre o

perfil de usuario/a tipo da rede, que tería pasado de ser un adolescente varón a unha muller moza.

Segundo datos fornecidos polo Instituto Nacional de Estatística, son usuarias frecuentes de Internet no estado español o 40,2% das mulleres fronte ao 49% dos homes. O número de fogares que dispoñen de conexión a Internet aumentou de maneira espectacular –un millón nun ano, 11 puntos porcentuais en tres anos–, malia as fortes diferenzas que aínda existen entre zonas urbanas e rurais e tamén entre unhas comunidades e outras: Galicia e Estremadura son as dúas onde menos fogares dispoñen de conexión á rede e onde menos se utiliza o ordenador persoal. Porén, a tendencia xeral semella ser a mesma do Reino Unido: ano tras ano a porcentaxe de mulleres internautas aumenta e a tendencia da chamada «fenda dixital de xénero» é con claridade á baixa, ou mesmo a desaparecer, como acontece xa nos grupos de idade máis novos. Ata os doce anos de idade, o uso do ordenador por parte das rapazas é considerablemente superior ao dos rapaces, a partir desa idade vaise igualando. Polo que se refire ao uso de Internet, tamén é moi superior nas nenas e ata os 14 anos, só se equipara despois desa idade. Sería interesante afondar nas causas que o explican. 

Saatchi & Saatchi: <http://www.saatchi.com/worldwide/newsdetail.asp?nid=77> (en inglés)

Ofcom: <http://www.ofcom.org.uk/research/cm/cmr07/telecoms/> (en inglés)

Instituto Nacional de Estadística: <http://www.ine.es>





Novas abordaxes para garantir ás mulleres o dereito a decidir sobre o seu corpo



 ANA LUÍSA BOUZA

Vense de aprobar en México DF a despenalización do aborto voluntario. Supón sen dúbida un avance nos dereitos de cidadanía das mulleres residentes no distrito, tamén nos dereitos desas mulleres á saúde e á vida, xa que nese espazo xeográfico aínda existe unha relación directa entre os abortos realizados na ilegalidade e a mortalidade de mulleres (a terceira causa de defunción materna no país), con máis de medio millón de abortos en 1990 segundo o Instituto Alan Guttmacher.

Aínda que o só feito desta despenalización merece unha reseña, neste caso son ademais salientábeis algunhas cuestións, o mesmo proceso e os axentes implicados nel, a fórmula legal escollida e as garantías de asistencia gratuíta, que fan que esta reforma sexa de especial interese.

A Asamblea de Representantes do DF o 24 de abril de 2007 aproba a despenalización do aborto a través dun decreto que modifica catro artigos do Código Penal e dous da Lei General de Salud. Por 46 vo-

tos a favor, os do PRD, PAS, PRIM e PT, todo o arco da esquerda e centro, 19 votos en contra, do PAN, PVEM, e 1 abstención.

Dende 2006 a Asamblea Legislativa de México DF vive unha situación de falta de maiorías claras, logo da vitoria do oficialista Calderón sobre a esquerda de López Obrador por 0,58 puntos, as denuncias deste de irregularidades e a súa reclamación de reconto non atendida. A pesar desta situación ambos grupos apoian a iniciativa da despenalización.



É unha modificación da definición de aborto o que cambia a situación legal [...]

A proposta realízase dende o PRIM nunha primeira iniciativa que é rexeitada e retomada logo polo PRD, que fai a proposta votada finalmente. A pesar de que o movemento de mulleres en México é moi activo e levan facendo presión e presentando propostas de despenalización dende principios dos anos setenta, non se corresponde este proceso lexislativo cunha gran campaña mobilizadora, aínda que si cun traballo combinado de iniciativas lexislativas, mobilizacións e seguimento de casos concretos. É dicir que se trata dun debate entre partidos na asemblea lexislativa dun tema que a conxuntura político-electoral coloca en primeiro plano da axenda política.

Novidade tamén é o protagonismo no debate social e a carga de lexitimidade que supuxo a súa participación e visión da Comisión Nacional de Bioética de México, formada por persoas de prestixio procedentes de diversos campos da ciencia, que emite un comunicado oficial con consideracións e definicións sobre termos como 'vida humana' relacionándoa coa actividade cortical, 'embrión' até a duodécima semana de xestación, 'feto' a partir da décimo terceira semana de xestación... que apoian a despenalización nos termos en que foi finalmente levada a cabo.

Non se pode esquecer o papel de GIRE (Grupo de Información en Reproducción Elegida) en pro-

mover, dinamizar, informar e crear redes en todo este proceso dende a súa fundación no ano 1992. Un exemplo para os movementos a prol dos dereitos das mulleres e unha escola de estratexias para todas nós.

Antes do 24 de abril de 2007, o artigo 144 do Código Penal de México DF dicía: «Aborto é a morte do produto da concepción en calquera momento do embarazo». Coa modificación aprobada queda como segue: «Aborto é a interrupción do embarazo logo da décimo segunda semana de xestación. Para os efectos deste código, embarazo é a parte do proceso da reprodución humana que comeza coa implantación do embrión no endometrio».

É unha modificación da definición de aborto o que cambia a situación legal, unhas poucas palabras que recoñecen implicitamente o dereito ás mulleres a dispoñer do seu corpo antes da semana décimo terceira do embarazo. A incorporación da definición de embarazo a efectos penais relacionándoo no tempo coa implantación do embrión tamén terá consecuencias aos efectos de considerar os métodos anticonceptivos. Unhas poucas palabras, como tamén foron poucas as palabras necesarias para outros avances importantes na defensa das liberdades individuais, como a do 2005 do Código Civil español que engadindo esta frase, «O matrimonio terá os mesmos requisitos e efectos cando ambos contraentes sexan do mesmo ou de diferente sexo» no artigo 44 e substituíndo en todo o texto marido e muller por cónxuxes e pai e nai por proxenitores ampliaron os dereitos individuais de familia ás parellas do mesmo sexo.


Por outra banda, o Código Penal español non contén definición de aborto, limítase a penalizalo. A despenalización dos tres supostos

en España realizouse pola lei de 1985 que modificaba o artigo 417 bis do Código Penal, establecendo tres supostos nos que non era punible o aborto. Gobernaba o PSOE por maioría absoluta e a modificación foi presentada como un primeiro paso para acadar unha lei de prazos e dar resposta á demanda do movemento feminista *aborto libre e gratuito*.

Unha curiosidade, a modificación realizada daquela non aparece explicitada no novo Código Penal de 1995, na súa exposición de motivos, xustifícao porque «non se trata de normas incriminadoras, senón de normas que regulan supostos de non incriminación».

Por último, o decreto do 24 de abril modifica tamén a Lei General de Salud do DF engadindo os seguintes dereitos: atenderanse na rede pública ás mulleres aínda que contén con seguros privados, os servizos prestados en saúde reprodutiva e sexual son un medio de exercer a liberdade de decisión sobre o número e espazamento da maternidade e por tanto son prioritarios, o goberno de DF subministrará gratuitamente medios anticonceptivos eficaces e seguros e asistencia e apoio médico ás mulleres que decidan interromper o seu embarazo.

Garántese así no papel a gratuidade do servizo médico. Sabemos que a posta en práctica deste dereito pode ter grandes dificultades. Vinte e dous anos despois da despenalización parcial do aborto, España non o ten garantido.

Como conclusión, quizais sexa hora de aprender das nosas irmás americanas, que o movemento feminista na Galiza revise a súa posición, quizais sexa o momento de buscar novas alianzas, novas estratexias, novos enfoques que permitan desatascar unha situación bloqueada nos anos oitenta polas promesas incumpridas que parece que só atan a unha parte. 

A finais de agosto a canle de televisión privada Cuatro comezou a emitir na noite dos luns, en horario de máxima audiencia, a segunda edición de *Supermodelo 2007*, un concurso-*reality* protagonizado por unha vintena de rapazas de entre dezaseis e vinte e tres anos, que ofrece como premio para a gañadora ser a representante española no concurso internacional de modelos Elite Model Look. Na liña de *Operación Triunfo*, as concursantes conviven durante preto de tres meses, ata finais de novembro, nun internado-academia no que reciben formación en diversas materias (nutrición, baile, protocolo, inter-

pretación, estilismo...) e dentro e fóra dese centro son sometidas a diferentes probas, –por exemplo mergullarse nun acuario con peixes para ser fotografadas–; todo baixo a vixilancia dunha boa cantidade de cámaras que non deixan de gravar.

O programa, de tres horas de duración é presentado pola modelo Judith Mascó, consiste na emisión dos momentos máis «interesantes» tanto da vida dentro da academia –o que inclúe conversacións privadas, pelexas, choros, reprimendas moralizantes da directora-instituída...– como do transcurso das probas; despois disto, unha tertulia de estilistas e expertos en asuntos de moda debaten o comportamento das concursantes e os pro-

gresos na súa formación. A presenza de personaxes famosos no plató (Enrique Iglesias, Rossy de Palma, Custo Dalmau, Adriana Karembeu...) supón un atractivo engadido. Un dos pratos fortes, por emocionante e esperado, é a votación na que se decide qué concursante non merece continuar e será expulsada da academia. As palabras «merecer» e «expulsar» forman parte do léxico habitual no programa. Calquera pode apoiar a súa favorita e participar na votación a través do envío de SMS. A concursante eliminada é despedida coa frase, pronunciada non sen desprezo, de que «non é merecedora de levar os zapatos de tacón», coma unha cincenta á que se lle fai acordar con brusquidade do seu soño.



Super
modelo
2007

Aínda que lonxe de *CSI*, a veterana serie raíña da televisión nas noites dos luns, *Supermodelo* conta cunha audiencia considerable, unha media de aproximadamente un millón cen mil persoas, e interesa sobre todo nas franxas de idade máis baixas (dos trece aos vinte e catro anos) e ao público feminino, ao

permodelo é vulgaridade, compoñentes habilmente dosificados de sensiblería, rexoubeo e morbo, un certo sadismo e, como non podía ser menos, cantidades inxentes de publicidade dos seus patrocinadores principais, a axencia de modelos Elite e Fórmula Joven de El Corte Inglés, e moitas outras marcas. De feito, semella ser unha excelente plataforma publicitaria para todo tipo de produtos destinados á xente moza: tons para o móbil, roupa... pódense mesmo mercar os ce-

tes eliminadas, famosas de usar e tirar, son invitadas ao programa *Channel nº 4* (da mesma canle de televisión) ou son entrevistadas en *El País* dixital (pertencente ao grupo empresarial de Cuatro). Nada se desperdicia.

Cómpre preguntármonos por que estas rapazas –e os seus pais e nais no caso das menores de idade– acceden a participar nesta pueril e máis ben dirixida posta en escena, na que o reparto de roles resulta obvio, que pese a pretensión dos seus responsables non ten nada de formativo e que alimenta unha competitividade feroz. As concursantes son moi novas, están afastadas do seu entorno, suxeitas a presión e saben que están a ser observadas; non é difícil prever a súa reacción ante as probas a que son sometidas e os roces normais nunha convivencia prolongada; ademais, as rivalidades son desapiadadas, porque o premio que está en xogo é codiciado, o soño de moitas adolescentes. Todo isto non se lles escapa a guionistas; búscase a carnaza deliberadamente e elas ofrécena, se cadra con inxenuidade, a mancheas.

Dáse por certo que a gañadora de *Supermodelo* ten garantido un brillante futuro coma modelo profesional, (segundo a web oficial do programa terá a posibilidade de «desenvolver unha longa e exitosa carreira no sector da moda ao máis alto nivel»). Na mesma web pódese conseguir un *book* personalizado: soñar con ser aspirante a modelo está ao alcance de calquera. O trunfo rápido parece fácil, é tentador... non é lexítimo que as vinte concursantes –e tamén as mil trescentas candidatas que non foron seleccionadas– desexen con todas as forzas acadalo? A participación das concursantes en *Supermodelo* é voluntaria, nada que obxectar.

O programa é sen dúbida un bo negocio pero pouco ou nada ten



As concursantes, non son elas mesmas unha mercadoría? Elas gozan da súa fama fugaz mentres a industria aproveita o brevísimo tempo no que son un rostro coñecido para alimentar a máquina da publicidade e do negocio do divertimento...

cal vai dirixido con claridade. Ao estar protagonizado por adolescentes e mozas conecta facilmente cun público novo, doado de comover e de convencer, que percibe esas rapazas como persoas próximas e reais.

Verdadeiramente, lonxe do *glamour* que presenta como sinal de identidade –simbolizado no zapato de tacón encarnado do logotipo do programa– o que atopamos en *Su-*

dés de *Supermodelo*, coa música que se escoita no programa e que, segundo a publicidade, «marca o ritmo ao que se moven as pasarelas».

As propias concursantes, non son elas mesmas unha mercadoría? Elas gozan da súa fama fugaz mentres a industria aproveita o brevísimo tempo no que son un rostro coñecido para alimentar a máquina da publicidade e do negocio do divertimento; así, as concursan-

que ver co ideario moderadamente progre, respectuoso e *buenrollista* co que Cuatro se presentou á audiencia cando hai agora un ano comezou a operar. Desde moi diversas fronteas estase a bombardearnos con información interesada sobre o que é preciso para trunfar, sobre o que debemos ter e como debemos ser para que a sociedade nos teña en conta. O canon de beleza que prima no programa (difícil que na televisión se dea cabida a outra cousa) é do máis con-

vencional e estereotipado: xuventude, delgadeza, longas pernas, coitada melena... quen non desexaría parecerse a elas? Non é casual que nos longuísimos intermedios abonde a publicidade de Corporación Dermoestética, todo tipo de cosméticos e outros produtos. Aínda que este programa se emite fóra do chamado «horario protexido», pensamos que non carecería de fundamento a proposta do Consello Audiovisual de Catalunya para restrinxir o horario de emi-

sión dos anuncios de produtos de adelgazamento.

Non hai moito tempo Antena 3 emitiu *Cambio radical*, no que se nos daba a entender que as persoas concursantes, neste caso adultas, ían ser moitísimo máis felices despois dunha ortodoncia, algunha operación de cirurxía estética e algún retoque máis, ao que se sometían de moi boa gana e do que se nos ofrecían todos os detalles.

Que será o seguinte? Non desprecemos a capacidade das produtoras para nos sorprendere e da audiencia para dixerir case todo o que nos botan. Chegará, por exemplo, a *Europa Kid Nation*, o *reality* protagonizado por cativos sós que a CBS comezou a emitir en setembro nos EE. UU.? Os primeiros programas fixeron levantarse voces en contra, pero temos noticias de que a segunda edición está xa en marcha. ☞



[...] soñar con ser aspirante a modelo está ao alcance de calquera. O trunfo rápido parece fácil, é tentador... non é lexítimo que as vinte concursantes –e tamén as mil trescentas candidatas que non foron seleccionadas– desexen con todas as forzas acadalo?

Os primeiros programas fixeron levantarse voces en contra, pero temos noticias de que a segunda edición está xa en marcha. ☞

PUBLICIDADE

Librería

Michelena

R. Michelena, 22
Tel: 85 87 46 Pontevedra

librería
couceiro

R. República de el Salvador, 9
Tel: 56 58 12 Santiago

CARTELES

Café

Rúa do Sol, 139-141
Tel: 35 31 66 Ferrol





Mulleres e diversidade funcional

Coordina: Isabel Lodeiro Vales

**Que sociedade esta onde é
máis fácil destruír un átomo
ca un prexuízo!**

(Albert Einstein)

 ISABEL LODEIRO VALES

Saúde

Neste artigo tratarei de presentar as principais características das discapacidadeas psíquicas, para iso vou dividir o artigo en dúas partes, na primeira delas falarei das características xerais e na segunda aplicarei os datos anteriores ao feminismo tomando coma referencia á autora Iris Young.

Mais antes de comezar o artigo quero aclarar que vou falar aquí das enfermidades mentais e o que se pode derivar delas, é dicir as discapacidadeas psíquicas, e digo isto

porque algunhas veces (quizais máis do que sería o desexábel), cando se fala destas, en realidade estanse referindo ás discapacidadeas intelectuais, é dicir a persoas con síndrome de Down, entre outras.

Aclarado este concepto tamén preciso dicir que eu vou referirme a persoas con enfermidades mentais e non enfermos mentais, pois por moi enfermas que estean non deixan de ser persoas e conservan certas capacidadeas que hai que saber ver e valorar.

Coido que unha das mellores maneiras de deixar constancia do problema que estou a tratar é dar unha serie de datos:

Un 9% da poboación en xeral ten algunha discapacidade e delas o 19% presenta algunha enfermidade mental.

Tan só a esquizofrenia afecta ao 1% da poboación, aínda que esta cifra podería ser maior chegando ao 3-4%, desta poboación o 10% suicídase.

O trastorno bipolar afecta ao 1-2% da poboación, dela o 20% suicídase.

A depresión convertírase no 2020 na segunda causa de incapacidade no mundo tralas enfermidades isquémicas, mentres que en 1999 ocupaba o quinto lugar.

O 25% das persoas que viven na rúa presentan algunha patoloxía mental.


Moitas da patoloxías máis graves das enfermidades mentais preséntanse ao comezo da idade adulta, como é o caso da esquizofrenia entre outras.

mental

Antes de proseguir quero reflexionar desde aquí no dato que sinalaba ao comenzo, é dicir, que as enfermidades mentais representan o 19% das discapacidades en conxunto, mais quereda que se reparase en que a esquizofrenia supón o 1% da poboación e o trastorno bipolar igual ou máis, se a isto sumamos a depresión e outro tipo de problemas creo que ronda o 4%, é dicir case a metade das discapacidades. Cómpre comentar que esta é unha observación miña, porque

en circuitos oficiais ninguén nomea estes datos. Por que?

Mais seguindo co artigo, eu creo que unha primeira observación que se pode facer é o pouco que se fala, a nivel xeral, das enfermidades mentais sendo como son tan importantes na vida de hoxe en día, un primeiro paso para nós, mulleres, é que falemos do tema, que o nomeemos, que digamos aquí pasa isto, tantas e tantas mulleres están sufrindo o problema. Si, digámolo en voz alta como fixo Betty




Friedan, trasladándoo cos oportunos cambios, porque nós, feministas, ben sabemos que non hai nada máis efectivo para que todo siga igual ca o silencio.

É momento de dicilo, este problema privado é público como foi no seu momento a proclama feminista.

Porque o que ofrece o público en canto a servizos sanitarios e sociais é moi escaso:

- ▶ Recoméndase un siquiatra por cada 20.000 persoas e hai un por cada 47.000
- ▶ Tamén se recomenda un sicólogo por cada 25.000 persoas e hai un por cada 83.000
- ▶ Tamén un enfermeiro por cada 23.000 persoas e hai un por cada 104.000
- ▶ Finalmente un traballador social por cada 100.000 persoas e hai un por cada 300.000



O que podemos concluir destes datos é que as enfermidades mentais non contan con medios suficientes, o que se traduce en que as persoas con enfermidade mental, ademais da dor da súa doenza, están a sufrir unha atención deficitaria [...]

O que podemos concluir destes datos é que as enfermidades mentais non contan con medios suficientes, o que se traduce en que as persoas con enfermidade mental, ademais da dor da súa doenza, están a sufrir unha atención deficitaria, con consultas de escaso tempo e moi espaciadas, en último caso o poder económico de cadaquén facilitará ou non que se poidan beneficiar dos servizos privados, algo que se está potenciando totalmente.

Outra cuestión crucial á hora de tratar estas discapacidades é que cómpre saber que estas persoas son as que máis problemas teñen á hora de atopar traballo, quizais isto entable directamente cos prexuízos que se teñen ao ver certas informacións nos medios de comunicación por exemplo: «Esquizofrénico mata a...».

Pretendo facer deste titular unha serie de reflexións:

a. Un empresario que saiba que alguén ten unha enfermidade mental grave non o vai contratar polo mero feito de tela, as persoas teñen que ocultalo.

b. Como dixen ao comezo do artigo non é un esquizofrénico, senón unha persoa con esquizofrenia, hai que tentar evitar as adxetivacións, como tampouco dicimos o canceroso, o diabético.

c. E se nos actos violentos de persoas que matan, se descubrise que foron persoas con diabetes ou con cancro, tamén o diríamos?

d. O que colma o vaso é que as persoas con enfermidade mental teñen ata catorce veces máis risco de sufrir violencia cara a elas que as outras persoas, este dato, iso si, gárdase coidadosamente.¹

e. A conclusión á que deberiamos chegar é que basta de etiquetas e como di Radio Nicosia (unha radio de Barcelona que loita a prol dos dereitos das persoas con enfermidade mental) as etiquetas son para a roupa!

f. Mais para finalizar e indo un paso máis alá, non está de máis que diga desde aquí que o que eu observo é unha ESQUIZOFRENIAFOBIA creo que é hora

de que se acuñe este termo, porque se algunha de vós dixéades que tedes este problema non creo que saíades moi ben paradas.

II

Nesta segunda parte e logo de analizar algunhas das principais características –ben sei que quedan moitas máis, pero o artigo non dá máis de si–, pretendo facervos ver que as mulleres con este tipo de problemas precisan verse integradas tamén no discurso feminista como colectivo excluído ou á marxe e para iso precisan a axuda do feminismo, pois ao igual que apoiamos, por exemplo, as mulleres que exercen a prostitución non por iso debemos esquecernos dos outros colectivos, porque o feminismo ten que ser para todas as mulleres, que nel se vexan representadas, todas.

Para ver o alcance da exclusión das mulleres con algunha enfermidade mental vou tomar como

¹ Véxase a nova aparecida na sección o defensor do lector do día 16-X-2005.

referente o libro *La justicia y la política de la diferencia* de I. Young, libro onde a autora analiza cinco caras da opresión que afectan dende logo a este colectivo, eu non pretendo teorizar senón máis ben facer preguntas abertas para que reflexionedes.

1. Traballo

Como vimos anteriormente, as mulleres con discapacidade psíquica son dentro do colectivo de discapacitadas as que maiores problemas teñen á hora de obter traballo, aínda que iso si, traballar si que traballan na casa, por suposto, e ninguén valora iso, co cal as súas expectativas son inexistentes ao non ter economía.

2. Vivir á marxe

Está claro que o colectivo de persoas con algunha enfermidade mental viven totalmente á marxe e moitas veces desde os servizos sociais poténciase este ofertándolles pisos protexidos, traballos protexidos, ocio, etc.

En canto aos pisos protexidos quixera dicir que non estou de acordo, aínda que ben sei que hai circunstancias e circunstancias, mais se algún dos que viven alí coñece algunha persoa normal, como lle vai explicar que vive nun piso protexido? Que pensará esta persoa se ten a cultura habitual sobre estas doenzas?, por iso insisto tanto en que hai que dar unha información moito máis fluída.

Outra cousa que se me vén á cabeza é que houbo a proposta e o tema da integración dos anciáns coa xente nova nun programa interxeneracional, alguén pensou algunha vez que pasaría se este programa se fixese con persoas con algunha enfermidade mental? Penso que ata que isto sexa posíbel temos moito que percorrer e en última instancia isto chámase romper

as barreiras psicolóxicas ou actitudeis, que son as máis difíciles de rachar, e isto desde logo é loitar a prol da xustiza.

3. Poder

Alguén pode imaxinar que *poder* posúen ao non ter traballo, ao ter a maior parte delas estudos básicos, ao non ter cultura?

Alguén sabe dalgunha muller destas características con algún cargo político?

A que é debido? Por que non falan? Farían falta quizais *testemuñas protexidas*.

Ben, alguén fala en Barcelona, os de Radio Nikosia, e por que non na Galiza? Tamén cómpre citar o libro *Una mente inquieta*, no que a autora fálanos das súas experiencias co seu problema de saúde mental. Sabedes de alguén que se atrevese a dar semellante paso na Galiza?

E un paso máis aínda, neste monográfico insístese na necesidade de asociacións de discapacitadas e non para discapacitadas, sabedes dalgunha asociación de persoas con discapacidade psíquica? Ben a este respecto son algo optimista pois algún paso se está dando a ese respecto.

4. Imperialismo cultural

Este consiste en que un grupo domina o outro e produce a invisibilización baixo o concepto de *normalidade* e digo eu, que é ser normal? Ou que actitudes son normais? É normal beber seis cervexas logo de saír de traballar?, é normal esnifar cocaína para soportar o ritmo de vida? Pois concluiredes connmigo que hai certas patoloxías que se toleran máis ca outras, non sei por que teñen mellor aceptación, por que? Será pola incultura que hai respecto das outras? Por que son menos divertidas ou acarrean maior carga de sufrimento e iso non o queremos ver?

5. Violencia

Non serei eu a que descubra nada novo ao dicir que ás persoas con algunha patoloxía mental moitas veces se descalifican, humillan, insultan, etc., pero non podó dicir nada máis porque, que eu saiba, non hai ningún estudo sobre a violencia neste colectivo, a esta respecto quería indicar que hai un libro *Mujer, discapacidad y violencia*, onde falan diversas mulleres con discapacidade, mais en ningún momento falan mulleres afectadas por algún destes problemas, eu coído que xa é hora de que algúen lles conceda a palabra.

En resumo, neste artigo tratei de dar algunhas pinceladas sobre esta problemática referida a este colectivo de mulleres. O problema, ao meu modo de ver, está moi lonxe de solucionarse, ademais hai que sumar que a estas mulleres cando precisan de coidados adoitan dállelos as nais e quen coída as nais? E que vai pasar cando morran esas nais? Esas preguntas poden ser o inicio doutro artigo. ☞

Bibliografía:

- Salud mental y medios de comunicación. Guía de estilo*, en www.feafes.com
- SUSINOS RADA, Teresa: *Mujeres (discapacitadas) o la construcción social de un yo deficitario e incompleto*, en Teresa SUSINOS RADA, Adelina CALVO SALVADOR, y Marta GARCÍA LASTRA (coords.): *Mujeres en la periferia: Algunos debates sobre género y exclusión social*, Barcelona, Icaria, 2006.
- JAMISON, Kay R.: *Una mente inquieta*, Barcelona, Tusquets, 2006.
- YOUNG, I. M.: *La justicia y la política de la diferencia*, Madrid, Cátedra, 2000 (Feminismos).
- SHUM, Grace, Angeles CONDE, e Inés PORTILLO MAYORGA: *Mujer, discapacidad y violencia: El rostro oculto de la desigualdad*, Madrid, Instituto de la Mujer, 2006.



Entrevista a

Cathryn Teasley Severino

ISABEL LODEIRO VALES

Decidín que neste monográfico era preciso entrevistar a Cathryn Teasley porque, aínda que ela non presenta ningún tipo de discapacidade, o que me interesa resaltar aquí da súa traxectoria vital é que ela viviu en Berkeley (California), a cidade na que naceu o Movemento de Vida Independente, do que imos falar de seguido.

A nivel académico, Cathryn estudou na Universidade de California en Berkeley entre os anos 1979 e 1984, onde cursou as carreiras de Socioloxía e Pedagogía. Posteriormente, entre 1985 e 1991, traballou nun colexio público, onde foi responsábel da aula de

acollida do alumnado inmigrante. Alí impartiu aulas bilingües (inglés / español) e promoveu as relacións interculturais na escola. O centro gozaba, ademais, do estatuto de centro integrado, é dicir, acondicionado para atender cativos con todo tipo de discapacidades e integralos nas aulas ordinarias.

Actualmente, Cathryn vive na Coruña, onde é profesora de Universidade na Facultade de Ciencias da Educación, mais anteriormente traballou na Unidade Universitaria de Atención á Diversidade da mesma universidade, atendendo a poboación universitaria con discapacidade.

ILV: Como xurdiu o Movemento de Vida Independente en Berkeley?

CTS: Este movemento comezou nos sesenta, cando Ed Roberts (1939-1995) quixo acceder á Universidade de California en Berkeley (UCB). Nun primeiro momento non foi admitido por mor da súa discapacidade (desprazábase en cadeira de rodas manual, usaba respirador, e tiña o control motórico severamente limitado por ter contraído a polio de pequeno). Aínda que despois si foi admitido, dita experiencia levouno a facer unha serie de reflexións das que nacería este movemento. Ed é considerado o pai desta loita, mais cómpre dicir que esta tamén conta con dúas *avoas*: Mary Switzer e Gini Laurie, que entre comezos e mediados do século vinte defenderon completamente os dereitos das persoas con discapacidade.

ILV: Que proclama o Movemento de Vida Independente?

CTS: Quizais se poida resumir no seu lema: *Nada sobre nós sen nós*; é dicir, o que este colectivo quere é que sexan as persoas con discapacidade as que decidan sobre a súa propia vida; non que outras persoas decidan por elas, como se non tivesen nin voz nin voto. Para iso, o que solicitan é as axudas necesarias de cara a poder acadar e manter a máxima autonomía posíbel, porque queren seguir sendo cidadás e cidadáns de pleno dereito.

ILV: Que caracterizaba a Berkeley por aquel entón?

CTS: Cómpre dicir que Berkeley naquel momento –é dicir, nos anos sesenta e setenta– era o foco dos grandes movementos civís de todos os grupos oprimidos. Así mesmo, ás veces había disturbios; tiña fama de centro de radicais e non hai que esquecer que era cando estaba acontecendo a guerra do Vietnam.

O movemento de Vida Independente tiña o apoio doutros grupos oprimidos e alí fundouse o Centro de Vida Independente (Center for Independent Living - CIL).

ILV: Que observabas na túa vida cotiá?

CTS: Por exemplo, algo que me chamou a atención era que escoitaba frases coma «persoas con

[...] Nada sobre nós sen nós; é dicir, o que este colectivo quere é que sexan as persoas con discapacidade as que decidan sobre a súa propia vida; non que outras persoas decidan por elas, como se non tivesen nin voz nin voto

retos físicos», ou «con desafíos físicos», e posteriormente o concepto de *differently-abled people* (que se pode traducir por ‘persoas alter-capacitadas’ ou ‘con altercapacidades’: é dicir, con capacidades diferentes / alternativas).

Tamén observaba que había unha gran cantidade de persoas con discapacidades físicas, auditivas e visuais, e que estas non dubidaban en pedir axuda para desprazarse pola cidade. Mais non pedían calquera axuda: indicábanche como lles podías botar mellor unha man. Deste xeito aprendín espontaneamente delas, na rúa. Eran persoas totalmente concienciadas e iso servía de exemplo e de imán para outras persoas con desafíos físicos, sensoriais e intelectuais. Era un movemento moi dinámico, de contracultura e a raíz de todo isto o concello comezou a adaptar a cidade. Así chegou a ser o que hoxe se denomina popularmente *cidade sen freo á mobilidade*.

ILV: Houbo algo que che impactase especialmente?

CTS: Quizais o máis chocante visualmente era cando vía máis dunha persoa desprazarse postrada en camilla con motor, a cal se conducía mediante un dispositivo-mando bucal, e varios espellos. Estas persoas transitaban pola cidade coma calquera outra persoa, porque tamén podían acceder a calquera edificio público, mesmo que se tratase dun edificio construído no século XIX, porque eran edificios totalmente adaptados e, polo tanto, accesíbeis, con ascensores e portas automatizadas.



Penso que o movemento ibérico, aparte de imprescindible, ten sido moi produtivo. É de salientar que por primeira vez en España se nomee nunha lei o concepto da Autonomía Persoal, e iso, creo, é grazas aos esforzos dos integrantes do movemento

ILV: A nivel da universidade, que tipo de conciencia había?

CTS: Nos anos oitenta xa había bolsas ou subvencións para persoas con diversidade funcional; existía unha certa discriminación positiva con base legal. Tamén había unha conciencia xeralizada respecto da integración socio-laboral.

ILV: Trasladándonos a España, como ves o movemento de Vida Independente de aquí?

CTS: Penso que o movemento ibérico, aparte de imprescindible, ten sido moi produtivo. É de salientar que por primeira vez en España se nomee nunha lei o concepto da Autonomía Persoal, e iso,

creo, é grazas aos esforzos dos integrantes do movemento. Mais é unha loita moi ampla, porque abrangue diferentes realidades e, aínda que constitúe un bo esforzo, penso que vai ser un reto aglutinar tantas diferenzas, a longo prazo.

ILV: Finalmente, que conclusións persoais sacaches de todas estas vivencias?

CTS: A partir da miña longa estadía en Berkeley (doce anos) deime conta de que vivir entre tantas persoas con diversidade funcional fíxome comezar a percibir a vida diaria doutra maneira: cheguei a vivir unha *normalidade* ben distinta. Ou sexa, o meu concepto da normalidade mudou significativa e definitivamente, para converterse en algo moito máis amplo, variado e inclusivo. **6**



ISABEL LODEIRO VALES

Antes de comezar este artigo quixera dicir que a miña intención era entrevistar á María Carme Riu Pascual, presidenta da Asociación Dones No Estándards, mais por diversos motivos esta non se puido levar a cabo e consideraba crucial o seu testemuño, pois son poucas as experiencias de asociacións de mulleres con discapacidade e non para discapacitadas. Así pois neste artigo vou nomear as asociacións existentes e vou centrarme na que citei anteriormente, pois pola información que manexo pode con-

siderarse a máis activa, espero que deste artigo se saque algo de luz neste panorama un tanto *tenebroso*.

Aparte da asociación que mencionei tamén existen a Asociación Amdas La Fonte de Asturias e a Luna de Andalucía. Mais coma xa dixen eu vou centrarme na asociación catalana, que se fundou no ano 1995, pois é da que maior información teño. Así quero resaltar que esta asociación realiza unha serie de actividades de cara a concienciar en primeiro termo as propias mulleres con diversidade

Asociacións de mulleres con (dis)capacidade



[...] trátase de que as mulleres con discapacidade deixen de ser un colectivo esquecido e pasen a formar parte do imaxinario colectivo e da vida activa [...]

funcional da súa situación e acto seguido a poboación en xeral. Así, entre as actividades que se realizan están o «Servizo de Atención Psicosociolaboral», o «Curso de xénero e discapacidade no entorno laboral e formativo» e o «Curso de alfabetización emocional a mulleres con discapacidade».

Co servizo de intervención psicosociolaboral, que escomezou no ano 2004, o que se pretende é mellorar a situación de exclusión social das mulleres con discapacidade, tentando que estas mulleres participen do espazo público, sexan autónomas e teñan unha vida laboral activa. Porque ten que quedar claro que as mulleres con diversidade funcional sofren unha gran exclusión que dende a asociación concretan en dezaoto áreas entre as que podemos sinalar:

- ▶ Ámbito familiar
- ▶ Ámbito doméstico
- ▶ Ámbito de sexualidade
- ▶ Ámbito profesional
- ▶ Ámbito de imaxe pública
- ▶ Ámbito dos prexuízos e representación social, etc.

Outro aspecto que quero resaltar é o curso de xénero e discapacidade no entorno laboral e formativo, o motivo deste curso é pola necesi-

dade de que a poboación en xeral e as mulleres con discapacidade en particular tomen conciencia e coñezan mellor a situación laboral e formativa na que viven as mulleres non estandar. E dicir, trátase de que as mulleres con discapacidade deixen de ser un colectivo esquecido e pasen a formar parte do imaxinario colectivo e da vida activa, tanto laboralmente coma economicamente, pois non hai que esquecer que tan só o 13% delas traballa e o 87% delas viven cunha pensión de arredor de 300 euros ao mes.

Este curso realízase en diferentes módulos sendo algúns deles:

- ▶ O binomio muller con discapacidade no campo social e no mercado laboral
- ▶ Os prexuízos e a violencia
- ▶ Situación laboral das mulleres con discapacidade
- ▶ corpo, a imaxe e a sexualidade
- ▶ A saúde e a muller con discapacidade
- ▶ A exclusión social das mulleres con discapacidade
- ▶ A igualdade de oportunidades en relación ao xénero e a discapacidade nas institucións internacionais
- ▶ As organizacións de persoas con discapacidade

Non tería sentido que acabase este artigo sen dicir algúns obxectivos acadados, así, por exemplo, poderíamos falar do ámbito da formación profesional que se desenvolvía no «Curso de intervención psicosociolaboral» entre as mulleres en idade de traballar, isto é o 40% delas, o 15% delas atopou traballo.

Tamén no ámbito da imaxe pública participaron no máximo de actos públicos para facerse visíbeis no espazo público. Para iso participaron tamén en diferentes programas de radio, de televisión, así como en entrevistas para os medios de comunicación escritos.

Quizais a algunha das que estean a ler estes resultados non lle convezan demasiado, mais estes datos hai que situalos no contexto tan particular do que se parte e, en último caso, como di nun folleto informativo da asociación: a campá de cristal na que viven as discapacitadas é tan preciosa, porque o cristal é tan puro que fai que ninguén o vexa, co cal é máis que difícil de cambiar. Axudémoslles a cambialo!

Máis información en: www.adne.tk



Entrevista a



Ánxela López Leiceaga

ESTRELA VILLAVERDE CREO

Ánxela López Leiceaga, compostelá, de 30 anos, é licenciada en Dereito e na actualidade traballa como asesora xurídica de COGAMI (Confederación Galega de Persoas con Discapacidade), é Membro do foro de Vida Independente e secretaria da Asociación Vigalicia (Asociación de Usuarios/as de Asistencia

Persoal para a Vida Independente, entidade que promoveu o proxecto piloto de Asistencia Persoal na Galiza), é ademais unha loitadora incansable dos dereitos civís das persoas discriminadas pola súa diversidade funcional e unha fonte inesgotable de vitalidade e enerxía.

A: Gustaríame comezar a entrevista, pedíndoche que nos expliques a razón de falar de *persoas con diversidade funcional* e non de persoas con discapacidade ou minusvalía.

ALL: A razón é ben sinxela, o emprego de dita expresión basease no principio de igualdade, segundo o cal a todas as persoas débese tratar por igual, sen que poda prevalecer discriminación algunha por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición persoal ou social. A expresión *persoa con diversidade funcional* significa que o feito de ter unha maneira distinta de funcionar (por exemplo, no meu caso, empregar unha cadeira de rodas para desprazarme cando a maioría da xente se despraza coas pernas) non debe implicar un trato discriminatorio.

Este expresión foi acuñada polo Foro de Vida Independente coa fin de eliminar toda connotación negativa, de mágoa e de caridade que connotan os termos discapacidade (incapacidade) e minusvalía (menos válido). As verbas que se empregan para dirixirnos a alguén levan moitas veces asociada unha idea ou maneira de percibir unha realidade, a que non é o mesmo que a unha persoa se lle chame marica ou que se lle chame homosexual?

Se queremos realmente un cambio de percepción da diversidade humana temos que empezar a substituír as verbas pexorativas por conceptos positivos.

A expresión persoa con diversidade funcional significa que o feito de ter unha maneira distinta de funcionar (por exemplo, no meu caso, empregar unha cadeira de rodas para desprazarme cando a maioría da xente se despraza coas pernas) non debe implicar un trato discriminatorio

A: Falas do Foro de Vida Independente, poderías explicarnos que é o que se debate e trata no mesmo?

ALL: O Foro de Vida Independente é unha comunidade virtual formada por uns setecentos membros, un espazo de debate, reflexión e activismo ante os estamentos sociais. Xurdiu da falta de resposta ás nosas demandas por parte do movemento asociativo existente e está aberto a todas as persoas con diversidade funcional (física, psíquica, mental, sensorial) ou sen ela que pretendan cambiar o punto de vista cara á diversidade funcional, baseándose

nos dereitos humanos (principalmente, nos principios de dignidade, igualdade e liberdade). Dende este foro loitase polos dereitos civís das persoas discriminadas pola súa diferenza, tratando de erradicar a segregación e marxinação, e reivindicando o dereito a ter as mesmas oportunidades de vida que os nosos irmáns, veciños, amigos...

A: Se falamos de diversidade funcional, falamos sempre de barreiras, cales son as peores, as físicas ou as mentais?

ALL: Si, falar de diversidade funcional, por desgraza, aínda hoxe en día, é falar de barreiras e de discriminación, esa é a nosa loita diaria: eliminar as barreiras que pon a sociedade ao esquecerse dunha parte da diversidade humana, o que impide a participación na sociedade como calquera persoa. Por suposto, as peores barreiras son as mentais, os prexuízos, a ignorancia e o medo ao descoñecido que é o que fai que non se nos considere como cidadáns e cidadás de pleno dereito e se constrúan as barreiras físicas. Se todos fosemos respectuosos coa diferenza non teríamos ningún problema.

A: Como muller con diversidade funcional, sentes que esta dobre condición implica unha dobre discriminación?

ALL: Obviamente si. As mulleres con diversidade funcional padecemos esa dobre discriminación, unha por razón de xénero e outra por razón da diversidade funcional. Ser muller implica atoparse nunha situación de desigualdade con respecto ao home debido ao machismo que aínda impera na sociedade. Ademais, ás dificultades que temos as mulleres para incorporarnos ao mundo laboral en condicións iguais ao home, hai que engadirille as dificultades que temos as persoas con diversidade funcional para acceder a un posto de traballo, polo que a discriminación multiplícase por dous, soportando a infravaloración social que supón para a sociedade o non estar incorporadas ao mundo laboral.

A: Aínda que xa nos adiantaches algo na anterior resposta, cóntanos como é a vida dunha muller traballadora con diversidade funcional.

ALL: As persoas con diversidade funcional temos maiores taxas de desemprego que o resto da poboación, agravándose dita situación aínda máis

no caso das mulleres. A razóns veñen da minusvaloración: esa visión negativa paternalista, protexionista e de mágoa que recae sobre nós, de seres incapaces, enfermos e polo tanto improdutivos, da denegación do acceso a educación, e polas barreiras de transporte, arquitectónicas e de comunicación. Todo isto acaba por transformar ás persoas con diversidade funcional en seres pasivos, inútiles e indefensos, sen nada que ofrecer á sociedade e sen ningún tipo de oportunidades.

Pero é posible superar todos eses atrancos, eu mesma logrei ir vencendo os obstáculos que atopei na miña educación (centros educativos non adaptados, querían obrigarme a facer a selectividade cun grupo especial, no lugar de poder examinarme cos meus compañeiros de clase...) e agora son licenciada en Dereito e traballadora, a miña vida é como a de calquera, só que para desempeñar o traballo preciso axudas técnicas adaptadas as miñas circunstancias (sistemas de recoñecemento de voz, teléfono sen mans...) e apoios humanos (para desprazarme ao traballo, para quitar e poñer o gabán, para ir ao baño...).

A: E despois de traballar todos temos un momento de ocio, como é para ti ir ao cine, ao teatro, de copas, de viaxe...?

ALL: Ben, primeiro o traballo e logo o ocio, vexo que vas por orde, ge, ge. Un dereito como o descanso e o ocio parece non estar garantindo para as persoas con diversidade funcional, porque traballar é complicado, pero o ocio..., o ocio é todo un luxo. Explícome, a min encántame ir ao cine, ao teatro, de copas, de viaxe, a un concerto..., pero atópome as máis das veces con barreiras de comunicación e de información (para persoas con diversidade funcional auditiva e visual), con barreiras arquitectónicas (escaleiras na entrada do cine, teatro, nos *pubs*, nas discotecas, nos hoteis...) e ademais o transporte até ditos lugares case nunca é accesible, polo que sempre hai que depender dun familiar, dun amigo...

Sempre estás condicionada por un montón de variantes, se ese cine ou discoteca é accesible e se contas con alguén para que che acompañe na viaxe que queiras realizar, frustrándose os teus desexos na maior parte das ocasións.

A: Como é a vida afectivo-sexual dunha persoa con diversidade funcional?

ALL: Falar de sexo sempre foi un tema tabú, oculto, do que non se fala a pesar de ser necesario e desexado por todos nós e que repercute na nosa calidade de vida, coma na de calquera outra persoa. As persoas con diversidade funcional e de modo especial as mulleres somos consideradas persoas asexuadas, incapaces de dar e recibir pracer, negándonos o dereito a ter parella e as relacións sexuais. Isto tamén está provocado polo medo a que suframos dano ou porque se nos considera pouco ou nada atractivas, por non entrar dentro dos canons estándares de beleza.



As persoas con diversidade funcional e de modo especial as mulleres somos consideradas persoas asexuadas, incapaces de dar e recibir pracer, negándonos o dereito a ter parella e as relacións sexuais. Isto tamén está provocado polo medo a que suframos dano ou porque se nos considera pouco ou nada atractivas [...]

Hai que ter en conta ademais outra cousa que inflúe negativamente á hora de poder iniciar unha relación sexual (ben sexa esporádica, ben sexa estable) como é a existencia de barreiras físicas que che impiden a entrada a un piso, a un hotel ou a outra dependencia familiar ou que che impiden o desprazamento a un sitio ou a outro dunha forma autónoma ou que limita as posibilidades de coñecer xente e de ligar.

Dende o Foro de Vida Independente vimos reclamando a figura da Asistencia Persoal, que é unha

[...] a lei non conseguiu erradicar a situación de desigualdade na que nos atopamos, a prestación de Asistencia Persoal que logramos introducir, non cubre todos os ámbitos da vida dunha persoa [...]

persoa que compensa as desvantaxes doutra persoa, tamén para poder manter as relacións sexuais, tanto na preparación como nos apoios para acadar as condicións para levalas a cabo. Incluso defendemos a figura concreta do asistente sexual (existente nalgúns países do norte de Europa, como Dinamarca), como un profesional pagado con fondos públicos para realizar tarefas sexuais. Isto permitiría que puidésemos gozar dunha vida sexual coma calquera persoa, o que favorecería á nosa auto percepción, a nosa autoestima e as nosas habilidades para iniciar relacións.

A: Que opinas sobre a Lei de Dependencia recentemente aprobada?

ALL: Sen dúbida é un grande avance, mais segue sen garantir os dereitos de cidadanía das persoas con diversidade funcional. A pesar do grande esforzo do Foro de Vida Independente para a mellora da lei (que, por certo, a denominación correcta sería *Lei de Independencia*) elaborando múltiples documentos, comparecendo no Congreso, falando e escribindo aos deputados, denunciando as eivas da lei nun encerro-protesta no IMSERSO e nunha manifestación en Madrid..., consideramos que a lei non conseguiu erradicar a situación de desigualdade na que nos atopamos, posto que a prestación de Asistencia Persoal que logramos introducir, non cubre todos os ámbitos da vida dunha persoa, como son o ocio, as relacións sexuais, a maternidade..., ademais consideramos que o importe que se vai pagar é insuficiente e non nos parece axeitado que parte do financiamento do custe do servizo repercuta na persoa con diversidade funcional.

A: Sei que es unha grande activista da loita polos dereitos das persoas con diversidade funcional, cón tantos os proxectos nos que traballas hoxe en día, sei que es secretaria da asociación Vigalicia, en que consiste o voso traballo?

ALL: Os comezos de Vigalicia foron no verán de 2005, cando un grupo de cinco persoas provenientes do Foro de Vida Independente e que depende-

mos doutros para a realización das actividades da vida, decidimos ofrecer unha alternativa á institucionalización existente no mundo da diversidade funcional e solicitar ao novo Goberno galego entrante neses momentos a posta en marcha dunha nova ferramenta que dese resposta ao noso dereito e desexo de liberdade e independencia como calquera outro cidadán ou cidadá. Esta ferramenta é a Asistencia Persoal e a Asistencia Tecnolóxica para a Vida Independente, clave para conquistar a plenitude dos nosos dereitos civís, permitindo o acceso sen límites ás distintas opcións de vida, con control absoluto sobre esas opcións, sendo nós mesmos/as quen decidimos cando, como, onde e con quen queremos vivir, sen ter que depender das nosas familias ou ir a parar a un centro residencia contra a nosa vontade.

Vigalicia, baixo a máxima *Nada sobre nós sen nós*, pretende que deixemos de ser meros suxeitos pasivos para ser suxeitos activos, intervindo nas cuestións que nos afectan, incluso xestionando os recursos dos que sexamos receptores.

Vigalicia é a entidade promotora do proxecto piloto de Asistencia Persoal para a vida independente, para súa posterior implantación definitiva en Galicia, que se inspira nos principios de dignidade e autodeterminación e conta co apoio unánime do Parlamento Galego e da ENIL (Rede Europea de Vida Independente, que xa teñen implantados en varios países sistemas de Asistencia Persoal).

Este proxecto que acaba de iniciarse era moito máis ambicioso na súa concepción, mais por causas alleas a nosa vontade, non cumpre todos os principios de vida independente. Agardamos que isto só sexa o inicio e que se mellore dando cobertura a totalidade das necesidades vitais da persoa, garantindo dunha vez por todas a vida independente.

Para coñecer un pouco máis este proxecto podedes consultar a nosa páxina web www.vigalicia.org ou escribir un correo electrónico ao seguinte enderezo vigalicia@gmail.com.

A: Para rematar, cal é o teu maior anhelos como loitadora polos dereitos civís das persoas con diversidade funcional?

ALL: Que se atenda o noso dereito e desexo de vivir de forma independente. ☞

Bibliografía comentada

ISABEL LODEIRO VALES

Neste apartado non se pretende dar unha bibliografía exhaustiva mais si certas orientacións clave sobre os estudos da discapacidade e en concreto os referidos ás mulleres. Insistirase no valor que teñen as testemuñas que existen de mulleres con discapacidade pois enténdese que son elas as que teñen que falar en primeiro termo xa que son adultas e non nenas, ao igual que se fosen mulleres pertencentes a algún outro grupo de exclusión social.



YOUNG, Iris Marion:
La justicia y la política de la diferencia,
Madrid, Cátedra, 1990

A tese central que defende Young neste libro é unha concepción de xustiza que desafíase a dominación e a opresión institucionalizadas. Debería ofrecer a visión dun ámbito público heteroxéneo que recoñecese e afirmase a diferenza de grupo.

Queda claro que dentro deste grupo heteroxéneo debe dárseles cabida ás mulleres con discapacidade.



SUSINOS RADA, Teresa:
Mujeres (dis)capacitadas o la construcción social de un yo deficitario e incompleto, en Teresa SUSINOS RADA, Adelina CALVO SALVADOR, y Marta GARCÍA LASTRA (coords.): *Mujeres en la periferia: Algunos debates sobre género y exclusión social*,
Barcelona, Icaria, 2006

É importante destacar este libro porque debe ser das primeiras veces –se non a primeira– que nun estudo sobre a exclusión social se aborda o tema da discapacidade.

Ademais a autora do artigo, déixanos claro que o problema non é das discapacitadas, senón que a discapacidade é unha construción social debido, entre outras cousas, as barreiras sociais que as oprimen.

Riu PASCUAL, Maria Carme:
Propostes D'acció: la contextualitat del Gènere i la Discapacitat, Barcelona, Associació Dones No Estàndards, 2005

Este libro está estruturado en diferentes módulos que abarcan diferentes aspectos clave da dobre discriminación que sofren as mulleres con discapacidade. Así algún dos módulos que abrangue son: a discapacidade e a non estandarización; os prexuízos e a violencia; os medios de comunicación, etc.

Cómpre dicir que está en catalán e que non hai tradución en galego.

ASOCIACIÓN UNIVERSITARIA DE ESTUDIOS DE LAS MUJERES (AUDEM):
Situación laboral de las mujeres con discapacidad

Este libro ofrécenos unha análise exhaustiva sobre este tema, comeza cunha parte na que se estudan os dispositivos de atención á muller con discapacidade en relación ao emprego e continúa coa descrición socio-económica e demográfica da discapacidade en España.

Tamén cómpre mencionar que desglosa a situación laboral das mulleres con discapacidade en conxunto e por separado, segundo o tipo de discapacidade.

MUN MAN SHUM, Grace, Ángeles CONDE RODRÍGUEZ,
e Inés PORTILLO MAYORGA:
Mujer, discapacidad y violencia. El rostro oculto de la desigualdad, Madrid, Instituto de la Mujer, 2006

Este libro comeza analizando algúns conceptos clave sobre este tema, como son os tipos de violencia ou o apartado referido a «Do prexuízo social á violencia».

Quizais a parte máis importante sexa a segunda, na que podemos ler directamente os testemuños sobrecolledores das entrevistadas sobre os temas do maltrato psicolóxico, os abusos económicos, o maltrato físico ou o acoso e a violencia sexual.

MARAÑA, Juan José:
La experiencia de la independencia, Santiago de Compostela, Asociación Iniciativa y Estudios Sociales (AIES), Obra Social Caja Madrid, 2004

Creo que cómpre mencionar este libro, aínda que non fale exclusivamente de mulleres, porque si fala daquilo ao que toda muller con discapacidade debería aspirar, isto é á maior independencia posíbel. O libro está estruturado en catro entrevistas a persoas con diferentes discapacidades, de onde podemos inferir os retos que afrontan no día a día de cara á maior integración social posíbel.





CEDILLO VICENTE, Pepita:
Háblame a los ojos,
Barcelona, Octaedro, 2004

Este libro é o testemuño da autora dende a súa neñez e as vivencias polas que pasou por mor da súa discapacidade auditiva. É un relato valente que nos fará reflexionar sobre esta discapacidade e que nos levará a coñecer outras culturas, outras linguas, e os desexos e necesidades que afectan a unha particular minoría.



LABORIT, Emmanuelle:
El grito de la gaviota,
Barcelona, Seix Barral, 1995

Estamos ante o testemuño dunha moza que aos 22 anos xa coñeceu a soedade absoluta, a dúbida e a desesperación, pero tamén a alegría, a solidariedade e a gloria. A adolescencia e a primeira xuventude de Emmanuelle son a historia dunha loita por subsistir nun mundo *diferente* e polo recoñecemento dos dereitos dos tres millóns de persoas xordas francesas, ata acadar que, en 1991, se ensine por fin nos centros de educación de xordos a linguaxe de signos.

VV. AA.:
Palabras de mujer,
Madrid, Fundación ONCE, 2005

Este libro busca ser unha obra sólida, reflexiva e lúdica que faga pensar e mover as consciencias daqueles que aínda se empeñan en discriminar por ser diferentes. Nel escriben diferentes mulleres como Carmen Alborch, Ángeles Caso, Lucía Etxebarria, Beatriz Gimeno, Rosa Montero, Soledad Puértolas, entre outras, e fan da palabra unha voz común.



JAMISON, Kay R.:
Una mente inquieta: Testimonio sobre afectos y locura,
Barcelona, Tusquets, 2006

Por primeira vez a doctora, psicóloga e profesora de psiquiatría aborda o tema do trastorno bipolar contando o seu caso. É moi importante este relato, dun valor incalculábel, porque este tipo de testemuños directos non son nada frecuentes e ademais este está contado con extrema sensibilidade, tenrura e lucidez.

6



LAURA GÓMEZ LORENZO

Da artista máis coñecida e cotizada do mundo interesa todo: a plástica, a vida, o entorno sociocultural no que viviu, a militancia, o pensamento, as filias, as fobias, a escritura, a doenza... Todos estes aspectos que configuran a persoa forman tamén parte da construción do mito. Como di a escritora mexicana Elena Poniatowska, Frida é unha das iconas máis potentes que deu México despois da Virxe de Guadalupe. Esta é sen dúbida unha afortunada asociación, pois Frida, que padeceu *martirio*, conta

Frida Kahlo

Querido doctorcito

cunha particular *freguesía* formada por crentes de distintas confesións, por persoas agnósticas e ateas.

Mais o mito tende a fagocitar os trazos da persoa, pode amplificar algúns e desdebuxar outros converténdoa en marabilla ou simplificalos ata a esquematización dun

espantallo. O que aquí interesa agora tratar é un aspecto puramente humano e vital, a súa convivencia coa dor física e cos límites que esta pode impoñer, o seu xeito de afrontala, ignorala, minimizala, enganala, superala ou sentirse superada por ela.

Este ano 2007 México celebra o centenario do nacemento de Frida. Neste marco tivo lugar no Distrito Federal unha grande exposición monográfica titulada «Fri-

Tamén este ano 2007 publicouse a obra *Querido doctorcito*,² un volume que recolle a correspondencia cruzada entre a artista e o doutor durante dúas décadas, de

O escritor Carlos Monsiváis comenta,

¿Si no fueran de Frida Kahlo leeríamos los textos de Frida Kahlo? La pregunta es banal, se contesta a sí mis-



da Kahlo 1907-2007: Homenaje Nacional», no Museo del Palacio de Bellas Artes, o mesmo lugar que acollera o seu cadaleito cuberto coa bandeira comunista para o último adeus. Integraban a mostra óleos, debuxos, acuarelas, gravados, fotografías e unhas cincuenta cartas, entre elas algunhas das que Frida lle escribiu ao seu médico e amigo Leo Eloesser.¹

1931 a 1951 (tres anos antes do pasamento dela). Este libro fermoso e coidado comprende a edición facsimilar das cartas, a transcripción das mesmas, así como textos de varios autores que as contextualizan e analizan, en español e inglés. Desde logo é unha obra fundamental para coñecer das propias fontes a natureza das doenzas físicas de Kahlo.

ma y desemboca en la obviada [...] El personaje único, la figura múltiple. Leer su correspondencia es adentrarse en la vida de la entidad poderosa que vive en la desdicha y el tumulto, y hoy se deja ver como la realidad que integra las distintas facetas en el haz de impresiones. Frida es su biografía o lo que de ella extrae cada persona [...].³

convivindo coa dor:

¹ As cartas de Frida ao doutor Eloesser xa foran expostas na Biblioteca Henestrosa de Oaxaca, no ano 2004, e posteriormente na mostra «Leo Eloesser: La medicina y el dolor en la obra de Frida Kahlo. Una relación epistolar», na Casa Azul, en Coyoacán, no 2005.

² VV. AA.: *Querido doctorcito: Frida Kahlo-Leo Eloesser: Correspondencia /*

Correspondence, México, Museos Dolores Olmedo, Frida Kahlo y Diego Rivera - Banco de México, Fiduciario en el Fideicomiso relativo a los Museos Diego Rivera y Frida Kahlo - DGE Ediciones S. A. de C. V., 2007.

³ Carlos Monsiváis: «Frida correspondencia», en *Querido doctorcito*, op. cit., p. 30.

Ben, pois ao non sermos quen de subtraernos ao influxo da celebridade, en data tan sinalada como o centenario do seu natalicio, trataremos de traer aquí uns poucos trazos sobre o tema coa meirande obxectividade posible.

Como é ben coñecido, un ataque de poliomielite aos seis anos provocoulle un acurtamento e adelgazamento da perna dereita, converténdoa en obxecto de burla por parte dos cativos da veciñanza, que deron en chamala «Frida, pata de pau». Isto, sen embargo, non foi obstáculo para que anos despois o seu pai a introducise na práctica dalgúns deportes e actividades ao ar libre, o cal non era moi frecuente para unha nena mexicana do seu tempo.

Aos dezaioito anos sufriu o accidente de tráfico no que resultou gravemente ferida. Estivo inmovilizada cun corpiño durante nove meses e pasou despois na súa casa unha temporada convalescente na cama. A ese accidente atribuíronse os danos na columna vertebral e na pelve que provocaron as numerosas operacións que tería en adiante. Velaquí ao respecto a descrición que dela fai Leo Eloesser:

Frida era hija de un fotógrafo alemán que había retratado escenas mexicanas, edificios y gente en toda la República. Su belleza era fuera de lo común, como puede confirmarse en sus autorretratos. Su pelo era de un negro brillante, sus cejas oscuras casi se juntaban arriba de su nariz recta: su tez tenuemente rosada. Poco después de su llegada a Montgomery Street, Diego organizó una cena donde varias de las invitadas, cual asteroides en torno a una estrella, comenzaron a rodearlo y a probar su fortuna. En un instante la recatada Frida, que no hablaba una palabra de inglés, soltó una cascada incandescente de ingenio, cuento y canciones mexicanas que desarticuló los propósitos de las pretendientes.

Sufrió un accidente casi un año antes de su matrimonio: el carro en el que viajaba chocó contra un camión de pasajeros. Se ha dicho que



Frida non só coñecía o seu problema de espiña bífida, senón que a posibilidade de transmitirlo á súa proxenie era un factor de peso á hora de valorar un posible aborto [...]

se fracturó la pelvis y que esto provocó todos los problemas que tuvo con su pierna. Dudo que el accidente haya tenido que ver; los rayos X que le tomé más tarde mostraban una espina bífida. Su baja analgesia y su anestesia eran compatibles con esta condición. Su impedimento aumentó con el paso del tiempo, y varias operaciones en el pie y la pierna que empeoraron su situación; pero cuando la conocí caminaba, corría y bailaba mejor que la mayoría de la gente. Se cansaba con facilidad, pero aún tenía una deformidad en un pie. Para ocultar el problema, solía vestir faldas tehuanas largas y plegadas, a veces con la blusa y el cuello, a veces sin ellos.⁴

É dicir, a clave da súa diversidade funcional radicaba na espiña bífida, ao que se sumaron os efectos da polio. Con todo, daquela era capaz de correr, de gozar bailando e de viaxar. O que ademais chama poderosamente a atención é a se-

guridade en si mesma, o feito de non se sentir inferior ás outras mulleres e ser quen de desprezar as súas habilidades de sedución. En canto á adopción do traxe de tehuana, certamente éralle axeitado para non mostrar a perna eivada, pero tamén era unha estética que formaba parte da reivindicación do indixenismo, asimilándoa ás fortes e independentes mulleres tehuanas, unha estética moi do gusto de Diego Rivera que tivo un grande auxe nas décadas dos trinta e os corenta do pasado século entre as mulleres que participaban dos círculos artísticos e intelectuais, como

⁴ Leo Eloesser: «Diego Rivera y Frida Kahlo», en *Querido doctorcito*, op. cit., p. 272.

María Izquierdo, Lupe Marín, Dolores Olmedo, María Asúnsolo ou Lola Álvarez Bravo.⁵

Frida non só coñecía o seu problema de espiña bífida, senón que a posibilidade de transmitirlo á súa proxenie era un factor de peso á hora de valorar un posible aborto, así o explicita nunha carta dirixida ao seu amigo o doutor:

[...] Ud. mejor que nadie sabe en qué condiciones estoy. En primer lugar, con esa herencia en la sangre no creo yo que el niño pudiera salir muy sano. En segundo, yo no estoy fuerte y el embarazo me debilitaría aún más. [...] Para mí no le sé decir si sería bueno o no tener un niño, pues como Diego continuamente está viajando y por ningún motivo quisiera yo dejarlo solo y yo quedarme en México, serían solamente dificultades y latas para los dos, ¿no le parece? [...] Lo que quiero saber es su opinión más que la de nadie, pues Ud. sabe en primer lugar mi situación y le agradecería yo en el alma que me dijera claramente qué es lo que Ud. piensa que sería mejor. En caso de que la operación para abortar fuera más conveniente, le ruego que le escriba al Dr. Pratt, pues probablemente él no se da cuenta bien de todas las circunstancias y como es en contra de la ley hacer abortar, quizá él tiene temor o algo y más tarde ya sería imposible hacerme la operación. [...]⁶

(Detroit, 26 de mayo de 1932)

Como indica Estrella de Diego, esta «non é a imaxe da Frida eterna nai, nai do fillo de Diego e de Diego como fillo, nai universal –e por tal razón representante e exemplo para o feminismo dos anos setenta na procura dos territorios femininos por excelencia– [...]».⁷

Noutra das cartas, que asina como «La Malinche Frida», crítica a actitude dunha tal Jean –unha amiga do doutor coa que convivían Diego e mais ela na casa–, ademais de polas rexoubas políticas nas que Jean implicou a Diego, polo seu xeito de asumir os problemas de saúde:



[...]

Ya te platicué demasiado de otras cosas y nada de lo más importante en este momento. Se trata de Jean. [...] Tiene el enorme defecto de creer eternamente que está muy grave, no hace otra cosa más que hablar de sus enfermedades y de las vitaminas, pero no pone nada de su parte para estudiar algo o trabajar en lo que sea, como millones de gentes que a pesar de estar mucho más jodidas que ella tienen que trabajar a puro huevo. [...] Yo estoy muy decepcionada de ella, porque al principio creí que pondría algo de su parte, cuando menos para ayudarme en el trabajo de la casa, pero es floja de nacimiento y convenenciera de marca mayor, no quiere hacer nada, lo que se llama nada. No es que yo presuma, pero si ella está enferma, yo estoy peor, y sin embar-

go, arrastrando la pata o como puedo, hago algo, o trato de cumplir en lo que puedo con atender a Diego, pintar mis monitos, o tener la casa cuando menos en orden, sabiendo que eso significa para Diego amino-

⁵ Véxase ao respecto o artigo de Josefina García H.: «O traxe de tehuaná», en *Frida Kahlo*, Santiago de Compostela, Fundación Caixa Galicia, 2005, pp. 184-188, catálogo da exposición.

⁶ Carta de Frida Kahlo a Leo Eloesser, en *Querido doctorcito*, op. cit., p. 110.

⁷ Véxase Estrella de Diego: «A identidade como aneurisma», en *Frida Kahlo*, Santiago de Compostela, Fundación Caixa Galicia, 2005, p. 31, catálogo da exposición.

rarle muchas dificultades y hacerle la vida menos pesada ya que trabaja como burro para darle a uno de tragar. Esta Jean no tiene en la cabeza más que pendejadas, como hacerse de nuevos vestidos, como pintarse la jeta, como peinarse para que se vea mejor, y habla todo el día de «modas» y de estupideces que no llevan a nada, y no solamente eso sino que los hace con una pretensión que te deja fría. [...] Tú como médico y como amigo debes decirle que no está tan enferma para verse incapacitada para trabajar, y sobre todo que tenga en cuenta que a pesar de que hubo entre ustedes algo más que amistad, eso no significa que eternamente serás tú el encargado de mantenerla.⁸

[...]

(Coyoacán, 15 de marzo de 1941)

Motivos, ao parecer, non lle faltaban para que esta Jean *lle caese gorda*. Ante a autocompaixón pola enfermidade e a preguiza da outra, ela fala de si como unha muller activa no doméstico e ocupada coa

artista, comentando en páxinas interiores o seu atavío.

Noutra misiva datada en Coyoacán o 18 de xullo de 1941 escribía con boas doses de humor e a plasticidade da linguaxe popular:

[...]

El re-casamiento funciona bien. Poca cantidad de pleitos, mayor entendimiento mutuo, y de mi parte, menos investigaciones de tipo molón respecto a las otras damas, que de repente ocupan un lugar preponderante en su corazón. [...] Si me sintiera mejor de salud se podría decir que estoy feliz, pero esto de sentirme tan fregada desde la cabeza hasta las patas a veces me trastorna el cerebro y me hace pasar ratos amargos.

[...]

Traéme hartos cigarros Lucky o Chesterfield porque aquí son un lujo, compañero, y no puedo «affordear» una morlaca diaria en puro humo.⁹

[...]

vo desde hace cinco meses. Al principio me costó mucho trabajo acostumbarme, pues es de la chingada aguantar esa clase de aparatos, pero no puedes imaginarte cómo me sentía de mal antes de ponerme ese aparato. Ya no podía materialmente trabajar pues me cansaba de todos los movimientos por insignificantes que fueran. Me mejoré un poco con el «corset», pero ahora vuelvo a sentirme igual de mal y estoy ya muy desesperada, pues veo que nada mejora la condición de la espina. Me dicen los médicos que tengo inflamadas las meninges, pero yo no me acabo de explicar cómo está el asunto, pues si la causa es que la espina debe estar inmovilizada para evitar la irritación de los nervios, ¿cómo es que con todo y corset vuelvo a sentir los mismos dolores y las mismas friegas?

Oye lindo, esta vez que vengas, por lo que más quieras en la vida, explícame qué clase de chingadera tengo y si tiene algún alivio o me va a a llevar la tostada de cualquier mane-

Fosen como fosen as circunstancias en que a levou a llorona, o certo é que mentres estivo viva foi quen de non manterse recluída [...]



pintura, malia ser peor a súa doenza. Os «monitos» que pintaba xa lle estaban procurando un considerable prestixio artístico no seu propio país, en Francia e nos EE. UU. Critica a Jean por non ter outra preocupación cá de mostrarse máis atractiva, aínda que ela mesma pasaba bastante tempo enfeitándose cos adobíos do traxe de tehuana e o peiteado que conleva. Lembremos que dous anos antes desta carta, con motivo da súa viaxe a París para participar coa súa obra na exposición «Mexique», a revista de moda *Vogue* publicou en cuberta a fotografía dunha man enxoiada da

É sabido que tanto Diego como Frida tiveron bastantes amantes (ela, dun e doutro sexo), o que desde logo nela non deixa de resultar sorprendente para as convencións da súa época, por moi artista que fose, e tamén dada a súa delicada saúde.

Unha carta datada tres anos despois dá conta de como o seu estado físico foi empeorando:

[...]

Ahora te estoy escribiendo desde la cama porque sigo «fregada» de la espina. Cada día estoy peor. Vi al Dr. Alejandro Velazco Zimbrón que es un famosos cirujano de huesos aquí. Me ordenó un «corset» que lle-

ra. Algunos médicos vuelven a insistir en operarme, pero no me dejaría operar si no fueras tú quien lo hiciera en caso de que sea necesario.¹⁰

[...]

(México, 24 de junio de 1944)

⁸ Carta de Frida Kahlo a Leo Eloesser, en op. cit., p. 185-188.

⁹ Carta de Frida Kahlo a Leo Eloesser, en op. cit., p. 204.

¹⁰ Carta de Frida Kahlo a Leo Eloesser, en op. cit., p. 218.

A última que recolle este volume amosa a súa preocupación pola amputación do pé,

Mi Doctorcito queridísimo:

Recibí tu carta y el libro, mil gracias por toda tu ternura maravillosa y tu inmensa generosidad conmigo.

[...]

El Dr. Glusker trajo a verme a un Dr. Puig, catalán, educado en los Estados Unidos, cirujano de huesos. Su opinión es como la tuya de amputar los dedos, pero cree que sea mejor amputar hasta los metatarsianos para obtener una cicatrización menos lenta y menos peligrosa.

[...]

Yo no conozco bien al Dr. Puig, y no sé a qué decidirme, pues es tan fundamental para mí esta operación, que tengo miedo de hacer una *pen-dejada*. Yo quiero rogarte que me des tu sincera opinión de lo que debo hacer en este caso. Es imposible ir a los Estados Unidos por los motivos que tú conoces y además porque significa una gran cantidad de dinero que no tengo y odio pedirle a Diego, pues sé que en este momento representa un esfuerzo mucho mayor para él pues «el peso» vale *mierda*. Si la operación en sí no es una cosa del otro mundo, ¿crees tú que esta gente pueda hacérmela? ¿O debo esperar a que tú pudieras venir, o debo conseguir «la mosca» y hacerla allá contigo? Ya estoy desesperada, pues si realmente hay que hacerla lo mejor será enfrentarse al problema lo más pronto posible, ¿no te parece?

Aquí montada en la cama, me siento que estoy vegetando como una col, y al mismo tiempo creo que hay que estudiar el caso para lograr un resultado positivo desde el punto de vista puramente mecánico. Es decir: poder andar para poder trabajar. Pero me dicen que como la pierna está tan fregada, la cicatrización sera lenta y me pasaré algunos meses invalidada para poder caminar.

[...]

Me traen loca y desesperada. ¿Qué debo hacer? Estoy como idiotizada y muy cansada ya de esta chingadera de pata, y ya quisiera estar pintando y no preocuparme de tantos problemas. Pero ni modo, me tengo que fregar hasta que no se resuelva la situación.¹¹

[...]

(Coyoacán, 11 de febrero de 1950)

Para mitigar as dores consumía alcohol. Nunha destas cartas coméntalle ao doutor que xa o deixara. Mais como o seu estado empeoraba, comezou a consumir outro tipo de drogas, como o Demerol. Uns días antes da súa morte acudiu a unha manifestación contra a intervención da CIA en Guatemala en cadeira de rodas. Especulouse moito coa súa morte, hai quen pensa en suicidio, quen cre que Diego ou os seus amigos a axudaron a morrer. As derradeiras palabras do seu diario contribúen a esta sospeita: «espero alegre la salida –y espero no volver jamás–». O doutor Eloesser tamén parecía albergar dúbidas ao respecto:

Su pierna la angustiaba más y más. Perdió la sensibilidad y tenía ulceraciones tróficas en la planta; se quejaba mucho del dolor. Luego de varias operaciones inútiles, accedió a que se le amputara la pierna debajo de la rodilla. De ahí en adelante pasó muchos días infelices en una silla de ruedas y después de un año murió sin explicación. Se dijo que era «neumonía», sin embargo estaba perfectamente bien en la mañana y en la tarde estaba muerta.¹²


Fosen como fosen as circunstancias en que a levou *la llorona*, o certo é que mentres estivo viva foi quen de non manterse recluída, de viaxar moito (especialmente aos EE. UU.), de crear un mundo plástico propio, de participar en exposicións (mesmo asistindo na propia cama a súa exposición monográfica no DF), de colaborar ás veces de maneira activa nalgúns proxectos de Rivera, de militar no Partido Comunista e de facer campaña a favor da causa republicana durante a guerra civil española, de escribir, de relacionarse con artistas, políticos e intelectuais, de ter amantes, amizades, alumnos...

Segundo amosan estudos recentes,¹³ de nacer un século despois non padecería a polio (erradicada en México desde 1990). A súa nai practicaríase probas diagnósti-

cas de posibilidade de espiña bífida para a súa descendencia e, de ser así, trataríase con ácido fólico. Se o tratamento non dese resultado e a nena presentase secuelas, teríase operada con cirurxía reconstructiva ao nacer. Sería difícil estimar se en 2025 podería darse un accidente tan tráxico como o que sufriu, o que si parece probable é que xa os recursos terapéuticos actuais evitarían a meirande parte das trinta e dúas operacións ás que se someteu. Ao non padecer esa terrible dor, non precisaría consumir derivados da morfina, que poden xerar depresión e ideación suicida.

Como indica o doutor Arnoldo Kraus, moito se ten discutido sobre se existen vínculos entre sufrimento e arte, entre enfermidade e creación,

Hay a quienes el sufrimiento los vence, les cava una tumba en vida, los orilla a la inacción. Otros tejen algunas de sus redes creativas a partir de esas experiencias.¹⁴

Frida quería estudar medicina cando estaba na Preparatoria. Despois do accidente a súa nai regaloulle un estoxo de pinturas e pinceis para que puidese levar mellor a convalecencia. Probablemente sen a diversidade funcional non se dedicaría á pintura. 

¹¹ Carta de Frida Kahlo a Leo Eloesser, en op. cit., pp. 249-250.

¹² Leo Eloesser: «Diego Rivera y Frida Kahlo», op. cit., p. 272.

¹³ J. L. Díaz-Ortega: «Riesgo de padecer espina bífida y poliomyelitis en Frida Kahlo de haber nacido en 2007», en http://www.nolineal.org.mx/diversos/EOBMyELBM_archive/Poster%20polio%20y%20EB%20en%20Frida%20Khalo%202007.pdf

¹⁴ Arnoldo Kraus: «Frida Kahlo: El dolor como vida», en Querido doctorcito, op. cit., p. 48.

A inesgotábel Victoria Kent




Cruzarse de brazos é a única actitude que non admito.

(V. Kent: *Cuatro años en París*)

 RAQUEL BARREIRO PAZ

Victoria Kent (Málaga, 1892-Nova York, 1987) acadou no seu tempo unha amplísima notoriedade; hoxe en día, por contra, aínda que o seu nome non resulta descoñecido, de feito é unha persoa case esquecida e da cal pouco se sabe. A penas son coñecidas as circunstancias da súa vida persoal e profesional: a súa amizade con persoas como a poeta e diplomática chilena Gabriela Mistral –quen sempre fixo por axudala e chegou mesmo a ofrecerlle a súa casa cando Victoria estaba a ser perseguida en



Foi [...] a primeira en licenciarse en dereito, en solicitar o ingreso no colexio de avogados, abrir un bufete e en participar nun consello de guerra[...]

Francia, coa mesma xenerosidade que a levara a axudar á pintora Maruja Mallo a fuxir á Arxentina no 1936-; o traballo que desenvolveu en México e o seu profundo amor por este país, do cal obtivo a nacionalidade; a súa misión na ONU; os estudos sobre a prostitución; o tenaz e prolongado labor opositor á ditadura franquista... Sen todo isto, perdemos a dimensión da personaxe e é pouco máis que a anécdota o que nos queda.

As poucas veces que se adoita lembrar Victoria Kent é para facer mención ao seu nomeamento como directora xeral de prisións (se ben as reformas que emprendeu tiveron unha forte repercusión, o certo é que ela ocupou o cargo só durante un ano) ou á súa firme postura contraria ao recoñece-

mento do dereito das mulleres a votar, postura contraposta á favorable de Clara Campoamor. Esta posición, imposible de comprender para nós malia o complexo contexto político e das súas matizacións, e que ela mantivo ao longo de toda a súa vida, marcouna para sempre aos ollos de boa parte da sociedade. Non sempre se di –sen pretender xustificala– que a votación parlamentaria foi axustadísima, posto que boa parte da cámara, incluídas moitas personalidades recoñecidas, sostíña a mesma postura, sen ir máis lonxe, Margarita Nelken quen, porén, non ficou sinalada por iso.

Foi unha das primeiras mulleres do estado español que estudou na universidade, a primeira en licenciarse en dereito, en solicitar o ingreso no colexio de avogados, abrir

un bufete e en participar nun consello de guerra e, con Clara Campoamor (avogada case ao mesmo tempo), unha das primeiras deputadas. Máis aínda, foi, en 1931, a primeira muller que exerceu un alto cargo de goberno. Outras mulleres que ocuparían postos de primeiro nivel serían, algún tempo despois, Federica Montseny (ministra), Julia Álvarez Resano (gobernadora civil) ou Isabel Oyarzábal de Palencia (embaixadora), entre outras, no breve prazo de que dispuxo a segunda República ata que a ditadura veu mudar radicalmente o estado das cousas.

Muller de ideas claras e vontade firme, independente, emprendedora, crítica e de carácter forte, crente á súa maneira (non católica), non foi unha revolucionaria pero

si unha grande reformadora. Afeita desde nova a decidir por si mesma, escollería mesmo a forma do seu propio apelido, trocando o familiar Ken ou O’Kean polo elegante, aínda que ficticio, Kent.

Grazas ao empeño do pai e a nai (foi esta quen lle proporcionou as primeiras ensinanzas), Victoria Kent puido acceder a unha formación superior; quixo e soubo aproveitar esta oportunidade e todas as que se lle presentaron en diante. Non se limitou a ficar nunha posición cómoda que lle permitía disfrutar duns certos privilexios e, máis que ser testemuña dos acontecementos, sempre preferiu ser parte activa deles.

Desenvolveu unha intensa actividade política e participou na fundación de tres partidos, hoxe desaparecidos: Radical-Socialista, Izquierda Republicana e máis tarde ARDE (Acción Republicana Democrática Española). Con este último agardaba, xa octoxenaria, presentarse ás primeiras eleccións democráticas despois da ditadura, o que non logrou por non acadar o partido a legalización a tempo.

Sen ser feminista –ou, polo menos, sen recoñecerse a si mesma como tal–, en todas as etapas da súa vida participou en diferentes iniciativas a prol das mulleres e en asociacións de mulleres, como Lyceum Club Femenino, Agrupación Femenina Socialista de Madrid, Comité Nacional de Mujeres Antifascistas de España ou Unión de Mujeres Españolas.

Da mesma maneira que lles sucede aínda a moitas mulleres na actualidade, o seu labor profesional foi sometido a un exame rigoroso e cheo de prexuízos e a súa persoa foi obxecto de críticas e comentarios crueis debido ao seu aspecto físico e ser sospeitosa de homosexualidade, cousa que ela sempre levou con discreción. Son ben coñecidos os ferintes comentarios que

neste sentido lle dedicaron Azaña nos seus diarios ou o escritor Canisinos Assens en *La novela de un literato*, quen, se ben a eloxia, non aforra as palabras mordaces.

Xulgada en rebeldía en 1941, foi condenada a trinta anos de reclusión maior, inhabilitación absoluta e expulsión do territorio nacional. Do mesmo xeito que lles sucedeu a milleiros de persoas (algunhas tan destacadas nos seus respectivos ámbitos como María Zambrano, Maruja Mallo, Rosa Chacel ou María Teresa León, entre tantas outras) tardaría décadas en regresar: pasaría non trinta senón corenta anos fóra, tanto que cando volveu xa poucos sabían situala no

lugar que lle correspondía por dereito propio. Mais, malia a ausencia, ela nunca deixaría de estar moi atenta a canto estaba a acontecer no seu país. Toda a vida mantivo a lealtade á República, procurou o contacto con persoas do exilio interior e exterior e nunca abandonou a loita a prol da democracia.

Ao longo de dúas décadas e grazas ao apoio da súa compañeira Louise Crane promoveu –mesmo aportando as dúas diñeiro propio– unha revista co obxectivo de difundir os valores republicanos e loitar contra a ditadura franquista (e despois tamén a salazarista): *Ibérica*, a cal levaba por lema «Por la libertad» e mantiña unha postura fir-

memente antitotalitaria fronte ao fascismo, pero tamén contra os desmáns do comunismo. *Ibérica*, independente e plural, chegou a tirar máis de vinte mil exemplares, unha boa parte dos cales se distribuía de maneira gratuíta e clandestina na España franquista. A revista e a editorial vencellada a ela que mantivo durante un tempo supuxeron un traballo inxente e un negocio tan pouco rendíbel que só puido manterse grazas á fortuna persoal de Louise Crane.


Aínda que non se precisan excusas, cando se veñen de cumprir en outubro de 2007 trinta anos do regreso de Victoria Kent a España, vinte en setembro do seu pasamento e dez en outubro do de Louise Crane, achamos que coinciden efemérides máis que de abondo para adicarlle unhas páxinas en testemuña do noso recoñecemento e gratitude.

Victoria Kent:

Cuatro años en París,
1940-1944, Madrid, Gadir, 2007

Cuatro años en París é o único libro escrito por Victoria Kent. Publicouse por primeira vez hai agora sesenta anos, en 1947, traducido ao francés (París, Le Livre du Jour) e o mesmo ano tamén en castelán (Buenos Aires, Sur), grazas ao interese de Victoria Ocampo, fundadora e directora da editorial e da revista *Sur*. Ocampo –intelectual, escritora, primeira muller na Academia Argentina de Letras, fundadora da Unión de Mujeres– e Kent coñecéranse en Madrid na década dos trinta e manterían contacto por correspondencia durante anos.

Non houbo ningunha edición no estado español ata 1978, cando o publicou Bruguera co título *Cuatro años de mi vida* e foi prologado pola xornalista Consuelo Bergés. Victoria Kent, acompañada por Louise Crane, asistiu á presenta-



Do mesmo xeito que lles sucedeu a milleiros de persoas [...] tardaría décadas en regresar: pasaría non trinta senón corenta anos fóra, tanto que cando volveu xa poucos sabían situala no lugar que lle correspondía por dereito propio

ción na que foi a súa derradeira viaxe a España. Non temos noticia da existencia de máis edicións ata preto de vinte anos despois, en 1997, coa publicación na Universidade de Málaga dunha facsimilar da de Buenos Aires.

Victoria Kent estaba a vivir en París desde 1937 como secretaria da embaixada española, na que tiña a misión de ocuparse dos nenos evacuados e dos refuxiados internados en campos de concentración. A súa situación muda radicalmente trala fin da guerra civil e vólvese crítica co estourido da segunda guerra mundial e a ocupación de Francia polos nazis. A policía franquista e a Gestapo búscana e a súa vida corre un serio perigo. Advertida do risco, refúxiase na embaixada mexicana, na que fica dez meses sen a penas pisar a rúa; despois, grazas á mediación da Cruz Vermella, trasládase a un apartamento preto do Bois de Boulogne, no que vive tres anos (ata a liberación de París) soa, sen máis compañía que moi contadas visitas. Nese longo tempo de encerro e aillamento forzoso vai compoñendo este libro.


Victoria Kent ten nese momento preto de cincuenta anos e está a vivir unha situación crítica; deixara case todas as súas pertenzas (que nunca recuperou) na súa casa de Madrid, está ameazada de morte, afastada de familiares e amigos –moitos deles tamén en perigo– e sen comunicación con eles, non pode desvelar a súa identidade, exer-

cer a súa profesión nin saír de Francia. Nestas condicións incluso os máis pequenos detalles da vida cotiá representan un problema para ela: a súa documentación é falsa (nela leva o nome ficticio de Madame Duval), non ten cartilla de racionamento nin permiso de residencia... nin siquiera observando a maior das precaucións está segura. Ten por todos os medios que pasar desapercibida e vese obrigada a vivir meses sen saír da casa; cando por fin sae, por mor da seguridade e do toque de queda só pode facelo do solpor ata a media-noite. A experiencia do exilio foi desgarradora e traumática e este libro reflícteo con crudeza.

Cuatro años en París componse de catro partes, unha por ano de encerro: «Las cuatro paredes (1940-1941)», «En la calle (1941-1942)», «Gotas sobre el zinc (1942-1943)» e «Hacia la libertad (1943-1944)». Aínda que o contido é esencialmente autobiográfico, non se trata dun diario nin dunhas memorias en sentido estrito. Combinando a escritura en primeira e terceira persoa, a autora fala por si mesma e tamén por boca de Plácido, un personaxe ficticio, que non é senón o seu *alter ego*.

Se ben nun primeiro momento Victoria Kent propónse a escritura coma evasión e desaforo, un medio para non volverse tola, para obrigarse a si mesma a reflexionar e racionalizar, para dixerir o medo á morte, faino tamén para non

esquecer quen é, de onde ven e por que está aquí e así, páxina tras páxina, comprobamos como se afianza nos seus principios. Medo, amargura, soidade pero tamén indignación e espírito de loita son algúns dos sentimentos que asoman nas páxinas do libro.

O contido é fragmentario, desigual e pouco cohesionado, está ordenado cronoloxicamente mais carece de fio argumental: hai pensamentos, reflexións sobre a morte e o paso do tempo, notas soltas e comentarios, pequenas narracións, breves artigos que semellan concebidos para seren publicados en prensa... O conxunto compón unha lectura de fondo interese mais algo confusa, sobre todo se non se coñece o dramático contexto no que foi escrito; ademais, dadas as circunstancias da súa composición, moitos datos son omitidos ou disimulados intencionadamente para evitar riscos a terceiras persoas. Hai que engadir ao anterior o feito de que o libro non foi escrito pensando na súa publicación; todo isto faría precisa unha edición anotada e comentada que, por desgraza, non existe. A edición de Gadir –á que damos a benvida porque pon de novo á disposición do público un libro importante ao que non era fácil acceder– límitase a reproducir o texto acompañado polo conciso prólogo que a autora escribiu en 1978 e sen máis aportacións que un apéndice fotográfico e unha breve cronoloxía. 

NADA NOS INTERESA
MÁIS QUE O GALEGO.
NIGUÉN NOS INTERESA
MÁIS CA TI

A S Ó C I A - T E

A MESA POLA NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA
Campo do Cascoiro do Baio, 7 - Pº - 15705 Santiago de Compostela - Telf 981 96 38 05 / www.amesa.nl.org

Nome: _____
Apelidos: _____
Enderezo: _____
C.P.: _____ Localidade: _____
Telf: _____
Cuota anual: | 30,05 euros.
| 12,02 euros. Estudiantes e parados

Caixa/Banco: Sucursal: CC
c/c de libreta de aforro:
Nome da entidade: _____
Enderezo: _____

As batallas artísticas do pe

Exposición

ANXELA CARAMÉS SALES

Durante o outono do 2007 no CGAC tivemos a oportunidade de ver algunhas das obras fundamentais da arte feminista dos setenta que nunca antes foran exhibidas no contexto estatal. Isto é así porque «A batalla dos xéneros», exposición da que é curador Juan Vicente Aliaga, é a primeira en abordar especificamente este período xerminal, xa que até agora as principais mostras con contidos de xénero ocu-

páranse unicamente de propostas artísticas actuais.

O proxecto, que supera o marco expositivo abranguendo un ciclo de vídeo e un seminario, está organizado en bloques temáticos que aluden a cuestións básicas para a *axenda* feminista: a violencia exercida contra as mulleres, os estereotipos e as construcións da beleza, o corpo, a sexualidade, as consideracións sobre o sistema sexo/xéne-

ro, a maternidade, a xestión dos espazos privados e públicos, a loita socio-política, a explotación laboral ou as relacións entre etnia, raza e xénero.

No que supón un intento por romper coa hexemonía da muller branca occidental, e fundamentalmente anglosaxona, que caracterizou o feminismo daquela época, inclúe artistas doutras latitudes, arriscándose a correr o perigo de

descontextualizar as diferentes realidades raciais, xeográficas ou políticas como condición inevitable do enfoque postcolonial. Neste sentido habería que sinalar a importancia de ter logrado integrar entre as pezas máis coñecidas a nivel internacional algunhas das contribucións dos precarios panoramas españois e latinoamericanos (Arxentina, Chile, Brasil e México), que a pesar do que puidese parecer, teñen bastantes similitudes, como se sinalou nas conferencias, debido a que sufriron réximes ditatoriais que dificultaron o desenvolvemento do feminismo.

«A batalla dos xéneros» busca superar a visión esencialista da arte feminista dos setenta revisándoa dende unha perspectiva actual, é

«A batalla dos xéneros»
é a primeira exposición en
abordar especificamente
este período xerminal



Barbara Hammer. *Superdyke* (1975)


rsual é político

Berwick Street Film Collective. *Nightleaners* (1975)





Carlos Leppe. *El perchero* (1975)



[...] busca superar a visión esencialista da arte feminista dos setenta revisándoa dende unha perspectiva actual [...]

dicir, pasada polo filtro dos estudos de xénero e a teoría *queer*. Aliaga realiza unha relectura de obras que se interpretaran nunha dogmática diferenciación sexual baseada na natureza, demostrando que moitas destas artistas eran conscientes de que os roles de xénero son independentes da condición anatómica. Lembra como Judy Chicago e Faith Wilding, a pesar de promover a imaxinería vaxinal,¹ anticipáronse á parodia de xénero propugnada por Judith Butler nas humorísticas *performances* levadas a cabo na Womanhouse.² Mesmo artistas coñecidas por recuperar deidades femininas de filiación matriarcal, como Mary Beth Edelson, Ulrike Rosenbach ou Carole Schneemann, no fondo están a incidir en como os mecanismos patriarcais da historia invisibilizan ás mulleres nunha tendencia deconstrutiva que non se exploraría en profundidade ata a década seguinte. Ou as catalás Fina Miralles e

Eugènia Ballcells, precozmente coñecedoras da importancia de nomearse para existir, así como da función reguladora das normas sociais para ser configuradas como suxeito muller.

Polo tanto, o criterio de selección das obras persegue elaborar un discurso no que se constate a consideración do xénero coma un construto socio-cultural, xusti-

¹ A iconoloxía vaxinal foi rebautizada coma *cunt art* (arte da cona) por Amelia Jones a mediados dos noventa, nun xesto repolitizador que entendía o carácter estratéxico e a urxencia de xerar autorrepresentacións positivas dos xenitais femininos nunha sociedade falócrata que os rexeitaba e os consideraba motivo de inferioridade.

² A Womanhouse foi unha comunidade de mulleres, promovida en Los Angeles por Judy Chicago e Miriam Schapiro, que durante un mes funcionou coma un laboratorio onde desenvolver experiencias artísticas en torno a problemáticas domésticas e sexuais.



ficando, deste xeito, a escasa presenza de artistas que aludían a unha suposta esencia feminina dende prácticas da diferenza³ –na liña da afroamericana Faith Ringgold–, posto que, na súa opinión, ao reforzar os estereotipos sexistas, estaban contribuíndo a perpetuar os motivos da marxinación. Pola contra, interésalle máis a tendencia semiótica de Martha Rosler e a desmitificadora visión da maternidade ofrecida por Mary Kelly e Jo Spence. Tamén prefire presentar artistas menos coñecidas coma a brasileira Anna Maria Maiolino, quen a pesar de vincular a muller

coa natureza, nas súas fotografías traballa dende una perspectiva máis conceptual e psicanalítica, aludindo en *Por um fio* ao contínuum feminino entre avoa, nai e filla.

Na habitual liña de investigación de Aliaga, percíbese un grande interese por amosar representacións da sexualidade de forma explícita e transgresora, véxase a austríaca Valie Export ou a británica Cosey Fanni Tutti. Porén, nesta exposición chama a atención o lugar destacado que lle concede ao desexo lésbico –as lúdicas e reivindicativas películas de Barbara Hammer, a ironización que Lynda Benglis de-

senvolve en *Female Sensibility*, as fotografías *pre-queer* de Tee Corinne ou as accións de Gina Pane– fronte a posición de marxinalidade ao que tende a ser relegado pola orde heterosexista dominante, (e mesmo entre as propias feministas, en opinión de Beatriz Suárez Briones, asunto sobre o que se cuestionaba Raquel Osborne e opinión da que

[...] nesta exposición chama a atención o lugar destacado que lle concede ao desexo lésbico [...]

³ Creacións plásticas ligadas a unhas formulacións teóricas esencialistas serían a abstracción vinculada cunha certa sensibilidade feminina, por exemplo en Harmony Hammond, as pinturas que aludían a vivencias femininas que facían Sylvia Sleigh ou Judy Baca, e, as propostas que empregaban tecidos e técnicas artesanais tradicionalmente asociadas ás mulleres na liña defendida polos *feminaxes* de Miriam Schapiro.

De esquerda á dereita: Juan Vicente Aliaga, Sanja Ivekonic, Martha Rosler e Ulrike Rosenbach



discrepaba totalmente Empar Pineda na Mesa redonda do peche do curso).

Non obstante, a singularidade de «A batalla dos xéneros» reside en que, ocupándose da arte dun período no cal as mulleres encabezaron as loitas do feminismo da segunda onda, evita facer unha exposición *clásica*, é dicir, só de mulleres, incorporando obras feitas por homes desconformes coa imaxe normativa da masculinidade. Nesta valente decisión deixa claros os seus posicionamentos teóricos, máis próximos á subversiva *performatividade* de xénero e a fluída sexualidade *queer*. Considera que as achegas dos estudos sobre a identidade masculina e a homosexualidade –recordando que tiveron como caldo de cultivo os Movements Gay e Lésbico que iniciaban a súa andaina nesa mesma época– son imprescindibles para derrotar ao sexismo instalado nas estruturas do poder. Polo tanto, na súa opinión, desmontar a máscara da masculinidade, xunto a farsa da feminidade, convértese nunha ferramenta de grande eficacia para demostrar que as estruturas patriarcais da diferenciación sexual realmente son difusas e

atópanse interconectadas, como se aprecia nos travestismos de Michel Journiac e do chileno Carlos Leppe. O comisario valenciano reflexiona sobre como a influencia que exerceu o Glam Rock en Europa suscitou un interese pola androxinia que posibilitou un novo uso da indumentaria e da maquillaxe como elementos liberadores –fronte as artistas feministas que os rexeitaban por consideralos alienantes–, permitíndolles a Jürgen Klauke, Pierre Molinier, Urs Lüthi ou Carlos Pazos superar as ríxidas fronteiras que delimitan o aspecto físico da virilidade.

Ademais da revisión construcionista dos setenta, Juan Vicente Aliaga atópase interesado en sinalar o sentido crítico e reivindicativo das belixerantes creacións artísticas feministas que aínda a día de hoxe continúan a funcionar. En parte debido a que foron precursoras de propostas da arte política desenvolvida dende finais dos oitenta,⁴ coma, entre outras, as pescudas realizadas pola mexicana Mónica Mayer arredor do que máis lles desgustaba ás mulleres na súa cidade, as protestas polo aumento de feminicidios nos Estados Unidos organizadas por Suzanne Lacy e

Leslie Labowitz ou a concienciación sobre a explotación laboral dunhas limpadoras nocturnas promovida por Berwick Street Film Collective. Pero, ante todo, porque desgraciadamente moitas das súas demandas daquel convulso momento histórico aínda non se resolveron. «A batalla dos xéneros» lémbra-nos as imbricacións da arte feminista coa política, contribuíndo a poñer en cuestión o carácter machista da orde social e cultural, e afirmando a necesidade de seguir loitando por unha transformación da realidade. 6

⁴ A tendencia política comprende prácticas de intervención artística no espazo público, que logo son documentadas por medio de fotografías ou vídeos, realizadas dun xeito activista e, nalgunhas ocasións, interactuando socialmente con comunidades marginadas, así como fotomontaxes e *collages* elaborados coa intención de denunciar situacións de inxustiza e discriminación.

De esquerda á dereita: Juan Vicente Aliaga, Beatriz Suárez Briones, Empar Pineda e Raquel Osborne





Rotas

Teatro

FICHA TÉCNICA

Título: *Rotas*

Texto: Rosa Castro

Dirección: Xavier Picallo

Actrices: Mela Casal e Gloria Ferreiro

Mesa de debate:

Avogada: Silvia García Lombardía


(Avogada no Centro de Información dos Dereitos da Muller do Concello de Vigo, 1997. Avogada no Centro de Información dos Dereitos da Muller de Santiago de Compostela, 1997-2000).

Psicóloga: Pilar González García

(Directora e psicóloga da Casa de Acolida para Mulleres Maltratadas do Concello de Santiago de Compostela, 1995-2003. Directora/Coordinadora do Centro de Información dos Dereitos da Muller de Santiago de Compostela, 1997-2000).

Rotas é un alegato contra a chamada violencia de xénero e unha denuncia contra a tortura e o asasinato que sofren as mulleres. Nesta nova produción de Pífano Teatro a dramatización está posta ó servizo dun debate posterior sobre este auténtico drama social que parece non ter fin, e que corre o risco de ser asumido pola sociedade como algo normal. A fame, a miseria, as guerras e a tortura e asasinato das mulleres tanto no primeiro como no terceiro mundo, existen e poderán ter fin en tanto sigamos denunciando.

Pífano Teatro tenta aportar con esta posta en escena unha nova vía de participación e concienciación á sociedade, mediante a vida de dúas mulleres de distinta condición social unidas polo medo a vergonza e o desamparo. As súas historias son tan desgraciadamente frecuentes que nin sequera merecen media columna nun xornal, para iso, para ter presenza nun xornal tes que morrer, teñen que martirizar ou case.

Nesta proposta preténdese unha participación activa do público e o debate posterior a representación teatral está participado e moderado por unha psicóloga e unha avogada con ampla experiencia en atención as mulleres vítimas da violencia de xénero. 





Concepción, mestra nacional

 MARÍA PRADO*

O relato de Concepción sitúanos na cidade de Ourense a principios dos anos trinta. Nunha época na que a tranquilidade na Galicia interior íase ver truncada polos profundos cambios que acontecerían en todo o país.

Como a típica familia de entón, Concepción, sendo a maior de tres irmáns, levaba adiante os seus estudos mentres axudaba á súa nai coas tarefas do-

mésticas. A ensinanza daquela non era obrigatoria, pero os seus pais, sabendo da súa importancia, impulsaron a Concepción a continuar a súa formación para optar a un futuro mellor.

* María é neta de Concepción.

No ano 1931 iniciou os estudos de Primeira Ensinanza na Escola de Ourense, cando contaba con 5 anos de idade, aínda que o seu pai colaboraba na súa educación ensinándolle na casa, axudado por libros e un encerado, complementando a escasa educación que lle outorgaban na escola. Tres anos máis tarde, ingresou no Colexio das Carmelitas para rematar a Primeira Ensinanza ata os 10 anos:

Eu cursei nas Carmelitas, en Ourense, dous cursos... En xuño suspendín as matemáticas e como as monxas daban vacacións, fun a un colexio moi bo que había, que era Hermanos Villares (Vicente Bóveda)... Aquele colexio sempre foi especializado en todo... Se houbese seguido nos Villares... alí esixían e explicaban.

O ano no que estoupou a guerra civil española, Concepción ingresou no Instituto de Ourense, que hoxe é o Instituto Otero Pedrayo. Naquelas circunstancias a educación viuse afectada polo éxodo da maior parte dos mestres e pola conseguinte chegada dun profesorado sen vocación, que entorpeceu a formación daqueles que querían continuar os seus estudos.

Cando Concepción tiña 17 anos e xa superara os 7 cursos de bacharelato, estivo un ano na casa e asistindo a clases de máquina, xa que a súa gran paixón sempre foi a costura. Ese mesmo ano, créase en Ourense a Escola Normal de Maxisterio para todos aqueles rapaces e rapazas que tivesen aprobado ata 4º de bacharelato. Concepción presentouse ás probas de acceso, ingresando na Escola Normal para converterse en Mestra Nacional:

Daquela todo era máis caro, porque non había os cartos de hoxe nin eran os soldos de hoxe, pero penso que a matrícula eran 125 pesetas..., algo que non se podía permitir calquera familia, porque despois viñan os libros.

Como era habitual na época, homes e mulleres non se mesturaban nas clases, así que a quenda da mañá era a das mulleres e pola tarde acudían os homes.

Concepción salienta do seu primeiro día na Escola Normal de Maxisterio a presentación do director, don Vicente Risco...

Aquela si que foi unha presentación bonita... dixo que alí había que ir a estudar e a traballar, e que cando remataramos a carreira, íanos facer un agasallo, íanos levar un cartel cun cordeliño que puxese: feiras, festas e mercados, xa que cando chegaba o inspector ós pobos, eran as tres razóns polas cales os mestres non estaban... A súa era unha das materias máis bonitas que tiñamos e como escribía daquela maneira... Era moi bo director.

Don Vicente Risco impartira Latín no instituto, e na Escola Normal de Maxisterio ensinálle a materia de Historia. Durante os tres anos de carreira tivo unha ampla variedade de disciplinas, dende o Francés ás Matemáticas, pasando pola Ensinanza Cívica.

Durante catro días á semana, Concepción saía da casa as 8.30 da mañá para chegar a tempo á clase das 9.00. Cando remataba a xornada, ás 13.30, volvía camiñando a casa e, despois de comer coa familia e recoller, dedicaba as tardes a estudar e a facelos traballos encomendados polos profesores.

Nos últimos dous cursos, durante unha semana ómes, Concepción facía prácticas nos colexios, axudando á mestra, á vez que levaba á práctica o aprendido nas clases de Maxisterio.

Ós 23 anos Concepción obtivo o título de Mestra de Primeira Ensinanza despois de tres anos na Escola Normal de Maxisterio. Para celebrar o fin dos estudos, os alumnos fixeron unha viaxe a Vigo. Saíron moi cedo dende Ourense en tren, acompañados por algúns profesores, e percorreron a cidade de Vigo podendo contemplar o mar...

Como eramos do interior non coñecíamos o mar, non había televisión, e o mar o supoñíamos. Eu vírao con 5 anos en Panxón... e non o volvera a ver.

Tras anotarse nas listas de interinos, chamárona para cubrir unha baixa de seis meses por enfermidade nun colexio na Carballeira, un pobo a 16 quilómetros de Ourense. A mestra da escola acolleuna na súa casa, e co paso do tempo forxaron unha boa e longa amizade:

Cobraba naquel entón 400 pesetas ó mes..., cartos que non cubrían os gastos que supón unha vida fóra da casa!, polo que os diminuía levando a miña propia comida.

O seguinte curso, no ano 1950, foi contratada nun colexio da Pena, en Xinzo de Limia, onde cobraba 4000 pesetas ó ano. En setembro de 1951, cando contaba con 25 anos, deu por finalizado o contrato para casar un mes despois co seu mozo, Emilio, establecéndose definitivamente na cidade de Ourense.

Pero aínda que non era o habitual na época, Concepción non rematou a súa vida laboral unha vez casada, e regresou ó mesmo colexio na Carballeira, exercendo a súa profesión durante un ano e medio, ata que a mestra se converteu en nai do primeiro dos oito fillos que tivo, dando por concluída a súa traxectoria profesional. ☞



Criminología crítica e violencia de género

Libros

LARRAURI, Elena: *Criminología crítica y violencia de género*, Madrid, Trotta, 2007

 NANINA SANTOS CASTROVIEJO

Este breve e denso libro de Elena Larrauri (149 páxinas das que sete están dedicadas a bibliografía), ábrese a persoa lectora coa pregunta: «outro libro sobre violencia de xénero?». Esa é tamén a impresión da autora que, sen embargo pare o libro porque non remata de ver resoltas unha presa de preocupacións súas e coas que nos confronta.

Parte dunha idea nítida: «Tense simplificado excesivamente a comprensión da violencia exercida sobre a muller nas relacións de parella» e neste movemento de péndulo, tan propio das ciencias sociais, pasouse de ignorar ou desconsiderar a variábel xénero a pretender que esta sexa a explicación de todo o problema social que se está a investigar.

Desde a perspectiva da criminoloxía especificamente crítica aporta outras luces, outro punto de mira interesantísimo, partindo da premisa de que a criminoloxía crítica sempre mirou con sospeita o sistema penal.

O libro estrutúrase en tres capítulos: Unha aproximación criminolóxica, a criminalización dun problema social e a Lei Orgánica de Protección Integral contra a Violencia de Xénero.

Na aproximación criminolóxica recapitula o que sabemos sobre o delito coñecido como violencia do-

méstica, en concreto cando se comete contra a muller parella. Explora o discurso feminista oficial e o discurso baseado nos estudos de violencia familiar que nos USA compite coa explicación feminista.

Refírese na súa crítica a ese aspecto do feminismo oficial –ou o feminismo que máis se fai oír– que teima en «amosar unha relación causal determinista, que afirma que a desigualdade é o único factor, o máis relevante, a causa última e que a maior igualdade existirán menores taxas de violencia».

Tamén con outras ideas que a forza de repetilas se instalan como verdades endexamais demostradas:

- ▶ Perfil do agresor: varón.¹
- ▶ Factor de risco: ser muller
- ▶ As vítimas, proceden por igual de todas as clases sociais e condicións...

A crítica ao que enuncia como «as teses universais ou “a violencia doméstica non ten fronteiras”» e mesmo apoiándose en diversos estudos fala do carácter implicitamente reaccionario das mesmas.

Se a maioría dos maltratadores son varóns non implica que todos os varóns o sexan e a realidade encárgase de demostrar que só unha minoría deles o fai. Por que uns si e outros non? A esta pregunta hai que responder cando se parte da premisa de que o perfil do agresor é ser varón.

Idéntico argumento pode aplicarse a ese factor de risco: É unha minoría de mulleres a que padece malos tratos. Por que unhas si e outras non?

Un tras outro, dinos, os estudos de vítimas amosan que estas non proveñen por igual de todas as clases sociais, o que concorda cos estudos criminolóxicos que sinalan a incidencia de diversos factores de risco, polo que sería sorprendente que ser muller fose o único deles. Citando a Sokoloff e Dupont di que «a desigualdade de xénero é a súa vez modificada cando se produce unha intersección con outros sistemas de poder e opresión».

A outra afirmación: «prodúcese en todas as clases sociais», manifesta unha confusión interesada entre incidencia e prevalecencia.

Estas xeneralizacións, aparte de descartar trazos patolóxicos e calquera investigación, impiden que se fagan políticas específicas para determinados colectivos de maior risco.

Querendo o feminismo que se lle prestase atención ao problema,

¹ Cita a fortuna que fixo no feminismo en España a frase de LORENTE ACOSTA (2001) no sentido de que non hai un perfil de agresor, xa que o único trazo é este: «É varón, pertence ao xénero masculino e é home».

que se valorase coa importancia e gravidade debida, fixo fincapé, de xeito teimoso, nuns poucos lemas simplificando extraordinariamente a cuestión e desconsiderando tamén que as relacións de parella son un contexto singular, non homologábel a outros contextos polas relacións que se establecen no seu interior. A maraña e ambigüidade de emocións e sentimentos pouco ou nada teñen que ver con outros fenómenos de violencia de xénero (violación por descoñecidos, acoso sexual, violacións masivas en situacións de guerra...). Nas relacións de parella² é preciso entender o tipo de relacións entre a muller e o agresor, se queremos comprender, por exemplo, a retirada de denuncias ou simplemente o non denunciar.

Recoñecer diversos tipos de violencia non minusvalora nin a gravidade nin o xénero do problema.

No sumario do capítulo e como resumo (pp. 52-53) dinos a autora que quixo demostrar que asumir outros factores de risco, ademais da subordinación da muller, non debilita a reivindicación da igualdade; a existencia de colectivos de mulleres con diferentes índices de risco, con outras fontes de vulnerabilidade ademais do xénero, non socava a solidariedade de todas as mulleres; a admisión de distintos tipos de agresións, especialmente

a distinción entre maltrato e violencia habitual, recorrente ou xeral, dirixida a controlar (terrorismo íntimo) non fai de menos nin a gravidade nin o xénero do problema.

No segundo capítulo explora a intervención do dereito penal, crecente desde os anos noventa en España.

Elena Larrauri non comparte en absoluto a idea de que a maior intervención do dereito penal, a maiores penas e endurecemento das mesmas, máis e mellor protección das mulleres e a iso dedica o capítulo.

É suxerente a idea que expresa, tomada de Scheerer, de que os grupos feministas se teñen convertido en «empresarios morais atípicos» (p. 57),

expresión que fora acuñada por Becker (1963) para se referir aos grupos sociais que recorren ao dereito penal para plasmar a súa visión dun problema social e que non dubidan en aliarse co Estado para conseguir impoñer esta visión. Este concepto tamén foi relevante para a criminoloxía crítica, precisamente porque permite cuestionar que o dano social sexa o único criterio que determina a criminalización dun comportamento.³

A Lei Orgánica 11/2003 converte todo maltrato no ámbito familiar en delito, liña que continuou a Lei de Protección Integral, confirmando todo maltrato no ámbito familiar en delito, transformando as ameazas leves en delito elevan-

do a pena do delito de lesións se se realizan contra a muller-parella ou persoa sinaladamente vulnerábel.

Logo de expoñer a escalada de penas desde 1989 e explicala para non xuristas, pon en relación esta elevación de penas producida no ano 2003 (co goberno do Partido Popular)⁴ e o medre de mulleres mortas que non diminúe após a entrada en vigor da Lei de Protección Integral, aínda que estes datos se prestan a máis e máis matices.

Segue confrontándonos, con argumentos solventes, coa idea de que o sistema penal non é un me-

² Deixamos agora os malos tratos nas parellas de gais e lesbianas.

³ É indudábel que non se pode deixar de recorrer ao sistema penal, mesmo por motivos simbólicos, pois na nosa sociedade a gravidade dun problema vén recoñecida polo seu nivel de castigo (p. 81).

⁴ E que a autora relaciona con que «vivimos en tempos de populismo punitivo. Nesta fase, cuxo inicio adoita situarse na década de 1980, os gobernos en troca de promover o Estado Social tenden a afrontar os problemas sociais co recurso ao sistema penal no que foi certeiraamente descrito como «gobernar por medio do delicto». É evidente que tamén no tema de mulleres o Estado está adoptando a mesma política. Existe pouca inversión en todo o que poida cambiar a pobreza, a dependencia e a precariedade das mulleres, porén existen numerosas leis penais para protexer á muller» (p. 71).

dio apto para resolver problemas sociais e por outra parte non parece procedente que se pretenda co dereito penal, solucionar a desigualdade estrutural das mulleres, a discriminación e as relacións de poder dos homes sobre as mulleres.

Resulta tamén ben interesante o apartado 2 deste capítulo: «Os riscos da criminalización: a experiencia norteamericana» detectados desde unha perspectiva feminista que resume en cinco puntos e eu achego máis resumidos aínda:

1. O sistema penal tende a transformar un problema social de desigualdade nun problema de control do delito. Diversas autoras feministas apuntan que «o feminismo oficial transformou a loita contra a opresión da muller nun tema de “control do delito” e converteu as oprimidas en vítimas. [...] E se ben é patente que definir unha identidade como “víctima” dá acceso a unha serie de recursos e pode ser transformado en poder social e político, tamén «ata á vítima a súa vitimización, pois une o poder ao seu estatus como vítima».

2. «É altamente improbable que as mulleres atopen solucións no sistema penal xa que o problema é social, de falta de poder e de recursos».

3. A intervención do dereito penal propende a quitar autonomía á muller, ignoran que dar poder á vítima implica respectar as súas opcións, e que deslexitimar estas opcións ten consecuencias nefastas para a visión que a muller asume de si propia.

4. Na violencia doméstica, acudir ao sistema penal implica o perigo real de que se produza unha escalada de violencia por parte da parella. As mellores predicións neste senso (como reaccionará o marido ante a denuncia ou a detención) son as que fai a propia muller.

5. Estudosas feministas sinalan a ineficacia da elevación de penas.

Cuestións todas de fuste para a reflexión de como ten camiñado moito feminismo nesta cuestión.

A nosa autora conclúe que «máis que dar poder ás mulleres se produciu unha substitución do poder do marido polo do Estado», e propón que a doutrina penal progresista debería colaborar na resolución destes paradoxos e debater cos grupos feministas como facer medrar a protección das mulleres e minimizar o dereito penal, renunciando a privilexiar a voz do feminismo oficial como se for o *feminismo*.

O terceiro capítulo é «A Lei Orgánica de Protección Integral contra a Violencia de Xénero».

Non me deteño. Creo que calquera persoa lectora se decata xa de por onde van os tiros de Elena Larrauri respecto da lei. Comenta que o libro non é sobre a lei, mais é difícil subtraerse aos debates que esta suscitou. Foi a primeira aprobada após o triunfo electoral do PSOE en 2004, e naquel momento as mulleres maltratadas eran portada nos xornais. A lei foi aprobada por unanimidade e entrou en vigor o 29 de xaneiro de 2005 e o seu regulamento penal o 29 de xuño. O seu carácter de *integral* foi salientado en bastantes ocasións como o aspecto positivo.

Non nega a autora do libro os avances, porén resulta patente a continuidade desta lei coas reformas anteriores, visíbel na súa aposta pola penalización, perceptíbel na elevación de penas e no endurecemento xeral do sistema penal, así como na insistencia en que se interpoña denuncia para acceder a calquera prestación da lei.⁵

Fai unha exposición da tutela penal establecida na LOVG e como esta regulamentación é, en parte, dependente do discurso de xénero

⁵ Unha das poucas e moi relevantes diferenzas da Lei Integral coa Lei 11/2007 do 27 de xullo, galega, para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero.

que a lei fixo súa, lémbra-la brevemente no primeiro apartado do capítulo.

Por último a autora fainos a suxestión de crear «unha axenda de estudo» a partir da Lei Orgánica de Protección Integral.

E transcríboa case na súa totalidade porque é moi importante para o que nos traemos entre mans co asunto da lei, da violencia contra as mulleres, do recurso ao sistema penal...

Brevemente apunta as súas preocupacións:

1ª avaliar a lei, que a propia lei prevé que se faga aos tres anos (cumpre idade en xaneiro 2008) e reflexionar sobre os criterios que se van empregar para valorala.

Unha das cuestións que sinala é a necesidade da realización de cuestionarios de vitimización rigorosos, e usa este termo de rigorosos para

advertir da inutilidade dos cuestionarios que non seguen os canons científicos internacionais e conclúen que dous millóns de mulleres españolas son «tecnicamente» maltratadas en base, entre outros erros, a agrupar na mesma categoría indicadores como «empúrrate ou golpéate» e «non valora o traballo que realizas».⁶

A 2ª liña de investigación que suxire: estudar e debater como conseguir unha viraxe da mensaxe actual, que pon o acento na crimi-

nalización dun problema social, a outro alternativo que sitúe o obxectivo de lograr unha mellor protección das mulleres en primeiro lugar.

É inaudito, di, que o primeiro sitio ao que se aconsella ir ás mulleres sexa ao xulgado de garda «porque é o único que está aberto todo o día».

Analiza moi por riba algunhas declaracións sobre as mulleres mortas que non presentaran denuncias e que se insiste que non denunciaron por descoñecemento, desconsiderándose tantísimas mulleres que si sopesaron e escolleron a opción máis acaída para elas.

Para as persoas escépticas no sistema penal estas cifras son indicio, di, de que a mensaxe debe diversificarse. Hai infinidade de motivos para non ir ao sistema penal que seguro que comprenderemos se facemos un chisco de introspección na nosa propia vida...

E, sexa cal sexa a interpretación máis acaída, dirixir una mensaxe indiferenciada a todas as mulleres para que acudan ao sistema penal presenta riscos.

A súa 3ª preocupación é coñecer sobre quen está recaendo o peso da crecente criminalización no delito de malos tratos.

Medrou o número de denuncias contra mulleres por «agresións mu-

tuas?»). Desde que todo maltrato é delito: un empurrón, rabuñadura ou insulto no curso dunha discusión (LO 11/2003),

existe a sospeita de que a muller se atopa máis veces na posición de denunciada e deste xeito equiparase a súa patada co puñazo que require unha primeira asistencia facultativa.

Hai máis mulleres detidas?

Si existe a certeza de que a represión penal no delito de malos tratos segue recaendo exclusivamente sobre os grupos sociais máis pobres da sociedade. Pode que afecten os malos tratos a todas as clases sociais, pero a represión penal, non. Quen acaban no cárcere son os de sempre: os excluídos sociais, os pobres, os inmigrantes que carecen de papeis, os sen avogado, os abafados por múltiples problemas.

Esta criminalización dos pobres é sinaladamente grave no caso dos sen papeis. Desde LO 11/2003 o castigo é a expulsión.

E 4ª é última, un par de cuestións máis sobre a reforma das leis penais.

En suma, un libro denso, ben estruturado que aporta moito ma-

⁶ Críticas de Medina que recolle Larrauri, a macroenquisa que en 1999 fixo o Instituto de la Mujer, aplicábel á 3ª macroenquisa tamén do I. de la Mujer.

Boletín
de subscrición



andaina

Revista Galega de Pensamento Feminista

terial para pensar a violencia de xénero e a violencia doméstica. Os discursos feministas oficiais e as súas eivas, no político, no social e na protección real das mulleres maltratadas, así como o fraquísimo favor que nos facemos ao vincular indisolubelmente a loita contra a violencia doméstica exercida contra a muller parella ao sistema penal.

A autora do libro é profesora de Dereito penal e Criminoloxía na Universidade Autónoma de Barcelona. A súa sensibilidade e os seus estudos céntranse nas teorías criminolóxicas, sistemas punitivos, política criminal e violencia contra as mulleres.

Paga a pena ler o libro e darlle voltas as moitas e interesantes cuestións que aporta. Non interesará moito, talvez, ao feminismo oficial porén, si debería facelo a moito feminismo que se deixou enganchar no carro do feminismo oficial pensando que canto máis se castigue os maltratadores máis e mellor se protexe as mulleres. 6

Nome

Apelidos

Enderezo

Localidade Código Postal

Desexo subscribirme á Revista **Andaina**

a partir do nº

Prezo: *Tarifa normal* 15 € ano

Tarifa de apoio 16 € ano

Envío talón. Pago en efectivo

Transferencia bancária á cta. de Andaina (Caixa Galicia CCC: 2091-0377-74-3040003301)

Domiciliación bancaria (cubrir os datos adxuntos e enviar a: Revista Andaina, apdo. 1058 de Santiago)

Data

Bco/Caixa Oficina

Localidade

Agradecerei-lles que a partir desta data atendan con cargo a miña conta Nº CCC:

Entidade Oficina

Dc Nº de conta

Os recibos presentados pola revista **Andaina**. Atentamente:

Nome

Apelidos

Sinatura do/a titular da conta:





andaina

PUNTOS DE VENDA

A Coruña

Librería Couceiro
Praza do Libro, 12

Librería Xiada
Avd. de Fisterra, 76-78

Librería Lume
Rúa Fernando Macías

Pontevedra

Librería Michelena
Rúa Michelena, 22

Librería Paz. Peregrina, 29

Santiago

Librería Couceiro
Rúa do Hórreo, 9

Librería Pedreira
Rúa do Home Santo, 55

Baba. Área Central

El Kiosko. Praza de Galicia

Ártico. Rúa do Vilar, 49

Lugo

Librería Trama
Avd. de Coruña, 21 (galerías)

Ourense

Livraria Torga
Rúa da Paz, 12



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

álbum de mulleres

Un centro de
documentación
dixital para divulgar
e investigar as
contribucións das
mulleres á sociedade
e cultura galegas.

www.culturagalega.org/album



Dña. Concepción Pérez Iglesias

PRIMICIA de ALCALDESA MAESTRA NA

Concepción Pérez Iglesias

Con corenta e catro anos cumpridos esta mestra nacional orixinaria de Santiago de Compostela converteuse na primeira muller española que ocupou a presidencia dunha corporación municipal. O 8 de xaneiro de 1925 dona Concha asinou como alcaldesa no libro de actas do pequeno concello de Portas a trinta quilómetros escasos de Pontevedra. O seu antecesor fora durante moitísimos anos, o médico Cesáreo Besol Oria.

A sesión extraordinaria convocada na sala de plenos do concello comezara aquela xornada co nomeamento de dous novos concelleiros designados directamente polo gobernador civil de Pontevedra. Concepción Pérez era unha delas, pasaba a ocupar o lugar de Francisco Rivas.

Inmediatamente recolleuse o cese dun dos concelleiros e do alcalde. Tras as dimisións e despois dun pequeno descanso no que se reuniron

os edís, Concepción Pérez Iglesias resultou elixida alcaldesa por seis votos a favor e un en branco. Poucos días despois, o xoves 15 de xaneiro de 1925, lemos a noticia na portada do xornal *La Voz de Galicia*. O xornalista titula o artigo: «Feminismo en acción». A noticia recolle que: «la magistratura popular por virtud del Estatuto municipal concede al bello sexo el derecho de tomar parte en las elecciones para el desempeño de cargos edilicios y también a ocuparlos». Máis adiante afirma: «la mujer gallega ha dado positivas pruebas de tacto, prudencia y talento administrativo, rigiendo y sustentando el hogar allí donde el hombre falta» (en fin!). E remata: «Alguna de las viudas de vivos que cantó Rosalía saben unir a la natural ternura de la feminidad, sin empañarla, la pujanza briosa, la capacidad de trabajo y el valeroso esfuerzo peculiares del sexo opuesto».

Non sabemos se Concepción soubo facer todas esas cousas, pero si que sen dúbida loitou contra os prexuízos machistas fondamente arraigados nunha época de grande inestabilidade política, comprendida entre o golpe de estado que Primo de Rivera protagonizara o 13 de setembro de 1923 e xaneiro de 1930, momento en que o rei retomou as rendas do goberno apoiado por Berenguer.

Durante cinco anos, até o 23 de xaneiro de 1930, exerceu dona Concepción como sabia e xusta edil do Concello de Portas, cuxas veciñas e veciños poden hoxe sentirse fondamente orgullosos.